


ATENEA

Ateneo Ferrolán

[Revista trimestral do Ateneo Ferrolán (Membro de A.I.F.A.) · Outubro - Novembro - Decembro 2006]

UNHA NOVA BARBARIDADE CULTURAL
O Escudo de Ferrol da Ilustración ¡¡¡tirado no chan!!!

XENTES
Alexandre Bóveda
Pura Vázquez

CINE
Cinema clásico norteamericano

FALAMOS DE:
Conflito dos mariscadores da Ría de Ferrol

MULLER
Entrevista a Nanina Santos

Crónica do 16º Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón"




nº 25

E ademais OUTRAS ENTIDADES, SERVICIOS, BREVES, O PARNASO ... e a PROGRAMACIÓN DO TRIMESTRE

r/ Merced, 11 · 15401 - FERROL · Teléfono: 981 35 26 25 Fax: 981 35 23 62 Telf. Lonja-Gándara: 981 3

CONFRARÍA DE PESCADORES
- FERROL -





Sumario

EDITORIAl 5

SERVICIOS
Hemeroteca 6
Biblioteca 7

xentes
Alexandre Bóveda (1903-1936) 8
Pasamento de Pura Álvarez 9
"Milhomes" dez anos de historia, por Isabel Lodeiro Vales 10

FALAMOS DE...
Cinema clásico norteamericano (1940-1960) 12
Conflito dos mariscadores da Ría de Ferrol 14
O Barco da Memoria 16
Exhumación de dúas fosas comúns en Galicia 18

outras entidades
AGAL. 25 anos de reintegracionismo organizado 19

Breves 21

convocatorias
V Certame de teatro «Atenea 2007» 23
16º Concurso de Gaita galega «Constantino Bellón» 26


PROGRAMACIÓN
Xullo-Agosto-Setembro 24

ARTIGOS
O escudo de Ferrol da ilustración tirado no chan, por Juan J. Burgoa 31
O Humanismo hoxe: as dúas culturas, por Arantxa Serantes 33
A 'Protestación' de Pedro de Padrón no ano 1432, por Fernando Dopico Blanco 35
Saúde mental, por Isabel Lodeiro Vales 40

Muller

Entrevista a Nanina Santos, por Isabel Lodeiro Vales 42

O PARNASO
Pura Vázquez 44
Arantxa Serantes 45
Lluis Llach 46



ATENEA
Revista trimestral do
Ateneo Ferrolán
Nº 25
Outubro-Novembro-Decembro
2006

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN
ATENEO FERROLÁN

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Rúa Magdalena, 202, 1º
FERROL

Tlfnos.
981 35 79 70 / 981 35 40 98

Fax
981 35 40 98

E-mail
a_ferrol@teleline.es

WEB
www.ateneoferrolan.org

ISSN
1575-9679

Depósito legal
C-1937/99

O Ateneo Ferrolán é membro integrante de A.I.F.A. (Asociación Iberoamericana y Filipina de Ateneos).



CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA
María Xosé Villar Corral

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Ateneo Ferrolán

ILUSTRACIÓNS e CABECEIRAS
Leandro, Juan de la Fuente

COLABORACIÓNS
Isabel Lodeiro Vales, Juan J. Burgoa, Fernando Dopico Blanco, Arantxa Serantes

Agradecementos as empresas publicitadas pola súa confianza:
BODEGA 147, MESÓN "O ESCUDO", A ESCOLA DA VACA, MOLDURAS COBELO, FOTOS JOSBE, VIAJES PACO/AVASA, LIBRERÍA DEL CAMPUS, CONFRARÍA DE PESCADORES DE FERROL, CENTRAL LIBRERA, JOYERÍA JENARO, CAIXANOVA, O BODEGÓN BACORIÑO

Sen darnos conta estamos nas *Vodas de Prata* da nosa publicación ATENEA.

Certamente non orientamos este número a celebrar a efeméride pois a verdade é que dende hai varios números as posibilidades de publicación vanse reducindo. Nesas condicións non está o ánimo para celebracións, exaltacións ou falsas alegrías...

De todos os xeitos a valoración destes 25 números é obxectivamente positiva, á marxe de valoracións distorsionadas, por diversos motivos, até o punto de que poden escoitarse descualificacións absolutas por xente que apenas coñece unha revista.

A INDEPENDENCIA é LIBERDADE pero ás veces ten un alto custo.

Non esquezamos os **principios fundacionais**, alá polo comezo do século pasado, deste noso Ateneo Ferrolán:


· **A súa actitude aperturista para o debate de todo tipo de ideas, o seu apoio a todas as causas reivindicativas, a súa defensa e difusión da cultura e idioma galego e a súa decidida aposta por dar acollida e soporte a cantas iniciativas culturais podan presentar socios e non socios**, non sempre son ben comprendidos por todos e en máis dunha ocasión causan ao ATENEO problemas.

Non é fácil atopar, sobre todo entre a clase politica, quen valore esa cualidade, ser independente e polo tanto libre para falar, informar e opinar sen estar vencellado a ningún grupo. Claro que os que non entenden isto buscan ou "inventan" aliñamentos dos máis variados signos. Non hai máis que ter en conta de quen son esas afirmacións ás veces rotundas, categóricas incluso cun tufo de acusación ou ofensa. Tamén é bo e é o que eu fago, botalo ás costas con sentido do humor e compadecer os que non teñen máis alcances aínda que teñan cargos públicos.

Sen embargo convén puntualizar que esa independencia corporativa, esa non dependencia de ningún partido político non está reñida co apoio que cada un individualmente queira dar ás representacións políticas que máis o convenzan, nin coa defensa de cuestións básicas, elementais, como o cumprimento de normativas, leis que afectan á convivencia, medio ambiente, ... etc. que incluso como colectivo non dubidamos en defender e denunciar, ás veces desgraciadamente contra a propia administración pública.


Ateneo Ferrolán






AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA HEMEROTECA

PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS



***Murguía*.** Revista galega de historia. Nº 9
Ed. Asociación galega de historiadores
ISSN: 1696-9197




***Cátedra*.** Revista eumesa de estudios. Nº 13
Ed. Concello de Pontedeume
ISSN: 1133-9608

Está a disposición dos usuarios da hemeroteca as máis de 300 cabeceiras coas que contamos.



***Claridade*.** Nº 1
Ed.Fundación Luís Tilve
ISSN: 1886-3639



***Tempos*.** Revista de información para o debate. Nº 112
Ed. Atlántica de información e comunicación de Galicia
ISSN: 1137-6945

PRENSA
local, rexional, nacional e internacional

Diario de Ferrol

La Voz de Galicia

Galicia Hoxe

El Correo Gallego

A Nosa Terra

Faro de Vigo

La Opinión de A Coruña

El País


El Mundo

Queremos agradecer ás seguintes persoas e institucións as importantes doazóns efectuadas para a nosa biblioteca-hemeroteca:

Brais Calvo, Alexandre Carrodeguas, Jesús Suárez Mosquera, Galería Sargadelos Ferrol

AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA biblioteca


NOVIDADES BIBLIOGRÁFICAS



Economía rural y agraria en Galicia 2005
Gonzalo Fernández
Ed.FG estudios económicos y sociales
ISBN: 84-932858-3-8



Os libros arden mal
Manuel Rivas
Ed.Xerais
ISBN: 84-9782-461-X




Descubrindo o noroeste
Ana Martín y Kiko Delgado
Ed.Cadena COPE Ferrol
D.L.: C-2004/06


ESTÁ A DISPOSICIÓN DOS USUARIOS DA BIBLIOTECA, O CATÁLOGO INFORMATIZADO CON MÁIS DE 7.000 VOLÚMENES.



A ermida de nosa señora de Mercé e o voto de Chanteiro
Juan José Burgoa Fernández
Separata de *Estudios Mindonienses*, nº 22-2006



Ferrol. Historia social (1726-1858)
Manuela Santalla López
Ed.A Nosa Terra
ISBN: 84-8341-057-5



El premio de novela Ateneo de Sevilla (1969-2005)
Ed.Ateneo de Sevilla
D.L.: B-11858

ESTÁ A DISPOSICIÓN DOS SOCI@S OS FONDOS DA

VIDEOTECA

con máis de 50 curtametraxes, obras de teatro, documentais, música...
E máis de 200 longametraxes, dende os clásicos ata o cine máis actual

Ateneo Ferrolán

70 ANIVERSARIO DA SÚA MORTE

Alexandre Bóveda (1903-1936)



Fillo de carpinteiro e de costureira, Alexandre Bóveda Iglesias naceu en Ourense o 4 de xuño de 1903. Foi o terceiro de sete irmáns. Pasou a infancia e a adolescencia na súa vila natal, onde formou parte das corais e dos equipos de fútbol locais.

Cando Alexandre tiña 13 anos, fúndanse as Irmandades dos Amigos da Fala, que na cidade de Ourense tiña en Vicente Risco e en Otero Pedrayo os seus máximos valedores. Deles tomaría unha incipiente conciencia galeguista. O propio Bóveda ten contado que comezou a súa vida política cando un día, estando o seu pai a ler o xornal, escoitou que alguén lle dixo: «¡Que tempos: agora ata os obreiros len o periódico!». Rematados os seus estudos de peritaxe mercantil, preparou oposicións en Madrid a auxiliar de contabilidade e tras aprobalas co número un, pasa catro anos na Delegación de Facenda en Ourense. Andaba polos 24 anos cando volve opositar para xefe de contabilidade de Facenda. Consegue o número cinco nos exames e pide destino en Pontevedra, a pesar das ofertas de traballo que lle chegaban dos ministerios madrileños. Bóveda xa tiña a Galiza na cabeza.



O Partido Galeguista e o Estatuto

Coa proclamación da República o 14 de abril de 1931, chegan novos aires de liberdade. Bóveda e os seus compañeiros galeguistas pulan por crear unha nova formación política que lidere o proceso cara á autonomía de Galiza. O 5 de decembro de 1931 fúndase en Pontevedra o Partido Galeguista e Bóveda exerce como secretario de organización.

A primeira reunión pro estatutaria celébrase na Coruña en 1931 pero será na asemblea de concellos galegos de Santiago, en xuño de 1932, cando se nomean os poñentes, Bóveda entre eles, que teñen que elaborar o Estatuto definitivo a partir de todos os anteproxectos.

O Estatuto foi divulgado entre a cidadanía e recolleu diversas achegas, que foron presentadas en decembro nunha nova asemblea. O discurso final pedindo o voto a favor correu a cargo de Bóveda, que se convertera xa nunha das cabezas visibles do proceso. O texto resultaba aprobado pola maioría dos representantes da poboación galega. Ata xuño de 1936 non se conseguiu que o Goberno central fixase unha data para o plebiscito do Estatuto, o 28 dese mes. Todos os movementos galeguistas se implicaron na campaña, con mitins por todo o país. Finalmente é aprobado e presentado ás Cortes da República o 15 de xullo de 1936.

O desterro

A partir de 1934, o Partido Radical en alianza co dereitista Ceda desenvolven en España unha política antiautonómica. O Partido Galeguista é castigado e unha disposición administrativa envía forzosamente fóra de Galiza a Bóveda e a Castelao. O primeiro a Cádiz, e o segundo a Badaxoz.

Durante o exilio dos dous dirixentes, o Partido Galeguista sofre unha escisión. Bóveda logra en 1935 o traslado a Madrid, onde había un activo grupo galeguista, e meses despois regresa a Pontevedra tras serlle devolta a súa praza.

A parte de facer propaganda a prol do Estatuto, Bóveda tamén emprende unha decidida campaña contra a dereita caciquil ourensá nas eleccións de febreiro de 1936. A súa familia mesmo figura entre os financeiros do Partido Galeguista, pero non logra acadar acta de deputado por unha manobra electoral atribuída a Calvo Sotelo.

O fusilamento

O 20 de xullo de 1936 estendeuse o alzamento militar por toda Galiza. Os capitáns golpistas prenden a Bóveda e envíano ao cárcere de Pontevedra; de aí, pasará a Ponte Caldelas, logo a Caldas de Reis, ata que é traído de novo a Pontevedra, onde bota máis de vinte días nunha escola que facía de improvisada cadea, con outros presos políticos de diversas clases sociais.

O 13 de agosto celebrouse no salón de actos da Deputación un xuízo sumarísimo no que Bóveda fai unha defensa emocionada dos seus ideais galeguistas. O Tribunal Militar condéao a morte, sen que a súa familia e os seus amigos poidan facer nada para evitalo.

Despois de recibir confesión, é conducido nunha camioneta á Caeira o día 17. Un tiro directo no corazón pon fin á súa vida e o cadáver é trasladado ao cemiterio de San Amaro. Os exiliados galegos de Bos Aires decidiron dedicar o 17 de agosto á Galiza Mártir, celebración que aínda segue viva entre os sectores galeguistas.

Pasamento de Pura Vázquez

(1918-2006)

Pura Vázquez naceu o 31 de marzo do ano 1918 nun barrio de Ourense chamado O Polvorín. Con pouco máis dun ano levárona os seus pais para A Coruña, e nesa cidade criáronse a súa irmá Dora e ela, até o traslado do pai, que era empregado de Correos. A guerra que viría despois determinou a inxusta destitución do seu pai como empregado de correos e mesmo varios anos de cárcere, inxustiza que tratou de limpar Pura á súa volta de Venezuela.

Foi na Coruña onde estudiou as súas primeiras letras na Escola Normal de Mestras da Coruña. Dora, irmá de Pura, maior cinco anos, sempre mantivo con ela unha relación de moita compenetración tanto na infancia coma na idade madura.

A Coruña foi a residencia de Pura até os oito anos, idade na que o seu pai é novamente trasladado á súa terra ourensá, e ao Salto do Can, casa herdada pola nai de Pura e Dora dos seus avós.

Estudiou en Ourense na escola de Dona Pilar Merino, preto do Xardín do Posío. Alí fixo a súa primaria e o seu bacharelato como preámbulo da súa carreira de mestra, a mesma carreira que a súa irmá Dora.

Preceptiva Literaria, recorda Pura, foi a que a levou á poesía, que comezou á idade de trece ou catorce anos publicando no xornal ***La Zarpa***.

É destinada como mestra, o seu primeiro destino, a unha aldea ourensá de Ribadavia; máis tarde será trasladada a Madrid, ao Parque Móbil dos Ministerios, centro de traballo no que moitos anos despois, despois da súa vida como emigrante en Venezuela, coñecerá ao seu esposo, Manuel Botanero Almazán.

Despois de Madrid marcha a Sevilla. Na vila de Marchena desempeñará o seu traballo como mestra. En 1948 traballa en Segovia, lugar no que publica ***Desde la niebla*** e ***Tiempo mío***. En Madrid comeza unha amizade con Carmen Conde, coa que dará recitais no Instituto de Cultura Hispánica.

En Madrid estivo até que emigrou a Venezuela por primeira vez (emigraría outras dúas máis). En Venezuela, na editorial Lírica Hispana edita ***Presencia de Venezuela***, dedicada a este país e ***Destinos***.

A súa actividade en Venezuela é febril. Escribe en ***El Universal*** e en ***El Nacional***. En revistas literarias como ***Páginas, Vidas y Letras***. Era o ano de 1955.

Despois de cinco anos en Venezuela, Pura volve a Galiza por un par de anos. Publica o seu segundo libro venezolano, ***Presencia de Venezuela***, "era un libro de saudade, de gratitude e amor, que escribira en España, durante a miña primeira viaxe, e que recibín ao meu regreso a Caracas".

Esta viaxe de volta era unha especie de renuncia aventureira de Pura. España, Galiza, seguía igual que sempre. A súa marcha non traerá nin o permiso para poder comprar e vender as obras de Neruda nin as mil e unha oportunidades laborais e profesionais que tiña Pura en Venezuela. Aínda así, Pura estaba na súa amada Galiza .



Volve a Ourense despois dunha breve parada con Carmen Conde en Madrid. Pídelles aos pais un pequeno terreo nas terras familiares para facer unha pequena casa á que ir en Salto do Can, a casa "coa mellor vista de Ourense".


A idea da casa alegrou os pais, porque vían unha posibilidade de que Pura non volvese a marchar. Cos seus aforros de emigrante, Pura empeza a construción e a súa pequena casa de amplas vistas á paisaxe e á cidade de Ourense servirá axiña como refuxio desta solitaria muller que ten por compañía a súa familia e os seus libros.

Días marabillosos entre Ourense e Madrid, cidade na que se entregou para rehabilitar xudicialmente o seu pai. "Loitei moito e tiven que percorrer toda a cidade, e subir e baixar aos ministerios, o de Correos, o de Educación e o Facenda, usar os meus amigos, sobre todo das autoridades que coñecín naquela velada de Nadal na que recitei os meus versos no Salón dos Tapices da Alcaldía de Madrid".

Pura consegue devolverlle ao seu pai o seu emprego, do que fora destituído por unha denuncia e pola cal pasaría no cárcere varios anos. Conta Pura que un alto funcionario dun ministerio confesoulle un día que ese home (non sabía que era o seu pai) a quen trataba de axudar tiña poderosísimos inimigos, pois ademais de despedilo do traballo e de envialo ao cárcere, fixeron todo o posíbel para desposuílo das súas pertenzas, obxectivo que non puideron alcanzar porque todo pertencía e estaba a nome da súa nai.


Esta herdanza da súa nai foi a que axudou á familia Vázquez Iglesias a non morrer de fame. O pai de Pura, ademais de estar tres anos no cárcere, ser destituído de emprego e soldo, pasou dezaseis anos, sen poder cobrar a causa dunha inxustiza. Pura logrou restituír ao seu pai moral e economicamente da inxustiza que se cometera coa súa persoa, incluída a indemnización polos anos que non puidera cobrar.

«Pura logrou restituír ao seu pai moral e economicamente da inxustiza que se cometera coa súa persoa, incluída a indemnización polos anos que non puidera cobrar».



Tamén Antonio, o esposo da súa irmá Dora, sufrira, como mestre, as mesmas penalidades. A el tamén logrou que lle restituísen economicamente, aínda que os anos de sufrimento xamais poderían ser restituídos.

En Madrid é homenaxeada no Círculo de Belas Artes. Recibe outra homenaxe nas Covas de Sésamo por instancia de pintores e escritores. Esta homenaxe foi presentada por Carmen Conde e a pintora María Rius Zunón, irmá de Xosé Rius Zunón. Xosé era membro do Círculo Azor de Radio Ourense, do que Pura formou parte na súa mocidade e desde o que lograran o milagre de editar a revista **Posio**, fundada por Pura e outros mozos poetas ourensáns.



Pero Pura non afastaba da súa cabeza a Venezuela, sobre todo cando estaba no seu tranquilo Ourense. "E antes de dous meses, o desexo de volver a Venezuela fíxose imperativo, e mesturouse con todo aquel ingrávido mundo no meu eu soterrado, facéndome sentir que desesperaba e entolecía".

Os seus pais non comprenden a súa decisión. Despois de construír unha casa, agora, coa nacionalidade venezolana, Pura volve ao seu outro país.

No pouco máis tarde famoso buque Santa María, chega Pura Vázquez a La Guaira. Ao chegar a Caracas, visita os seus amigo Óscar e Chelo Noya, quen a axudan a conseguir un novo traballo. Óscar traballaba desde moitos anos antes na Reaseguradora Nacional de Venezuela. Pura, da man de Óscar, consegue un traballo como secretaria do director.

A Pura precedíaa a súa pluma en revistas venezolanas como a da **Shell**, a ***Creole***, **Cultura do Ministerio de Educación** ou mesmo ***Élite***.

O seu traballo e o seu soldo auméntaos cos seus traballos escritos. É precisamente nesta época cando chega a Caracas Celso Emilio Ferreiro e empeza a profunda relación de amizade con Pura Vázquez, os dous escritores, os dous emigrantes, os dous poetas.

Coñécense a través dos Noya, dos cales era moi amigo Celso Emilio. Pura lembra estos anos con Ferreiro con fondo agarimo e interese. Trataban de amañar o seu mundo galego, sobre todo ese mundo galego que tiñan fronte a eles, o mundo galego da emigración en Venezuela.

Pura coñecía a Celso Emilio en Galiza. Con el e Moraima pasou varios veráns invitada por Francisco Fernández del Riego e a súa dona Etelvina na praia de Coruxo. Alí coñeceu Pura á familia do médico Álvarez Blázquez, a súa dona e fillos, pais dos Álvarez Cáccamo. á familia Sesto cos que afondaría a súa relación en Venezuela.

Estes anos tamén son de intensa actividade cultural galega para Pura Vázquez. Realiza o programa de radio da **Irmandade Galega** de Venezuela, Sempre en Galiza, o segundo máis antigo do mundo en lingua galega, despois do homónimo uruguaio.

É neste tempo cando a editorial Lírica Hispana, revista poética venezolana, publícalle na súa colección de libros o seu terceiro volume de poemas en español **Presencia de Venezuela**. Parte do libro foi escrito en Galiza.

Había un ano que Celso Emilio Ferreiro marchara de Venezuela. Xa hora, Pura, cunha escusa sutil, achegábase a ela outra vez acompañando a súa familia que vivía en Venezuela.

Así volve a Ourense, á familia... á súa irmá Dora. Visitas a Porto para visitar a Oliveira Guerra, director da revista **Céltiga**. Viaxa a Madrid e trata de conseguir unha vacante no colexio no que traballara moitos anos antes de ir a Venezuela por primeira vez. Coa súa pequena casa alugada, vivindo cos seus pais e sen traballo, ao chegar o frío inverno, Pura decide volver a Caracas. Pasaran case dous anos desde que chegara a Galiza.

Pura volve a Caracas, máis tarde, era 1966. Esta vez desde Lisboa, en avión de Air France. Vive na casa dunha amiga andaluza. Venezuela, o país das oportunidades non a defraudará e, lendo os anuncios do xornal, consegue un traballo no INCE (Instituto Nacional de Capacitación Educativa), máis exactamente no departamento de fotografía como encargada do arquivo.

É nesta época cando decide pórse a traballar nun libro comezado en 1959. O libro, nun principio sen corpo, tería como título e tema a saudade, a morriña. Cos tres tomos do Diccionario Galego-Castelán de Eladio Rodríguez, comezou Pura buscar as palabras que non lembraba entre aqueles soles, palmeiras e calores. Máis de doce anos sen escribir en galego deixaron ese baleiro en Pura, que tratou de emendar con ese pequeno dicionario en tres tomos.

Dous anos levaba Pura en Caracas e ás veces pensaba en volver, outra vez máis, a Galiza. Foi un acto fortuíto que levou a Pura a estados de vertixe que fixeron que pensara seriamente en volver.

Unha vez tomada a decisión, por motivos de saúde, Pura decide volver. Despídea a súa compañeira de piso paraguaia, Chelo, xa viúva de Óscar Noya. Esta era a terceira viaxe en avión na vida de Pura a través do Atlántico.

Era 1969 e Pura non volvería máis a Venezuela. **A saudade e outros poemas** é froito desa emigración venezolana.

Pura non deixou nunca de escribir nin en Galiza nin en Venezuela. Fíxoo en ***La Zarpa***, ***La Región***, en ***La Noche de Borobó*** de Santiago de Compostela. Nesta mesma cidade colaborou en ***El Correo Gallego*** e na actualidade colaboraba en **Galicia Hoxe**.

Prolífica literariamente é obxecto de reportaxes especiais en revistas como ***Fiestra da Palabra Silenciada*** de María Xosé Queizán e ***Unión Libre***, **Cadernos de Vida e Cultura** de Carmen Blanco.

Pura e Dora, escritoras as dúas, foron obxecto de infinidade de homenaxes. Unha rúa leva o seu nome na súa cidade natal de Ourense. Foron mulleres comprometidas co seu tempo e coa súa arte, nun tempo no que Galiza e o Estado español necesitaban de palabras, de moitas palabras coas que afogar tanta tristura.

Morre o 25 de xullo de 2006 en Ourense, aos 88 anos, e agradecendo con todo o seu corazón ter podido vivir, escribir e ir a tantos países.

«Pura e Dora, escritoras as dúas, foron mulleres comprometidas co seu tempo e coa súa arte, nun momento no que Galiza e o Estado español necesitaban de palabras, de moitas palabras coas que afogar tanta tristura».

MILHOMES
DEZ ANOS DE HISTORIA

MILHOMES

Por Isabel Lodeiro Vales

O pasado dezasete de maio tivo lugar no pub «Alfaiate» de A Coruña a presentación do libro *MILHOMES: DEZ ANOS DE HISTORIA. RELATO DE LAS ACTIVIDADES Y EMPEÑOS DEL COLECTIVO* de José Carlos Alonso Sánchez.

Antes de nada convén mencionar que José Carlos elixiu esta data (17 de maio) por ser esta na que a OMS eliminou do seu catálogo de enfermidades a homosexualidade fai tan só 16 anos (1990). Así mesmo, esta data é a que se está a propor polos diferentes colectivos mundiais de homosexuais para proclamala coma Día da Loita Contra a Homofobia.

A primeira parte do libro, a máis extensa é aquela na que se dá conta dos acontecementos máis relevantes do colectivo, relatando as actividades que se desenvolveron dende o ano 1995 ata o ano 2004. Comenza o relato situándonos como naceu o colectivo, que foi porque en Compostela existía o Colectivo Gai Compostelano e entón decidiuse crear un colectivo homosexual na Coruña que nun primeiro momento se denominou Colectivo Coruñés Gai e Lésbico, nome co que proseguiu ata 1995 no que se decidiu cambiar o seu nome polo de «Milhomes», en honor á personaxe de «A esmorga» da obra de Eduardo Blanco Amor, que tiña contidos homoeróticos.

Cando Milhomes comezou a súa andaina non existía nin unha lei de parellas de feito, algo polo que se loitou tantos e tantos anos.

Esta foi outra das duras tarefas de «Milhomes»: capear contra vento e marea os políticos de turno que tiñamos e que non podemos esquecer que eran Fraga na Xunta de Galicia durante tantos e tantos anos e Francisco Vázquez coma alcalde de A Coruña e que –á sazón– foi o único deputado que votou en contra da Lei de Matrimonio Homosexual, mais por se todo isto fose pouco, tiveron que actuar coa Universidade de A Coruña que dependía de Meilán Gil coñecido de todos pola súa vinculación ao Opús Dei.

Na segunda parte fálasenos das vicisitudes polas que tivo que pasar o colectivo para acadar na Coruña un Rexistro Municipal de Parellas de Feito, algo no que se comezou a traballar no ano 1994, ano no que o Parlamento Europeo emitiu o seu primeiro informe «instando a todas as institucións públicas a respectar e facer valer a igualdade de dereitos dos homosexuais co resto da poboación».

Foron anos de ardua tarefa que non se materializou na cidade da Coruña ata o ano 2001, mentres que si foi aprobado noutras vilas de arredor da Coruña coma Culleredo ou Ferrol.

O seguinte punto do libro en cuestión, é o das agresións que sufriron os homosexuais nos xardíns de Méndez Núñez. A violencia comenzan a detectala dende o ano 1995, aínda que esta xa existía antes de que eles comezasen coma colectivo. Varias persoas foron obxecto de agresións por parte de pandillas organizadas; un dato aterrador é que a mesma Policía Nacional non se posicionase claramente e así non fixese nada ou mesmo presionase a un rapaz homosexual que foi agredido para que retirase a denuncia, posicionándose así claramente do lado do agresor.

Chegamos así ó último apartado do libro, o de grandes historias que analiza as figuras de Onorato Benedicto Truque, Marcela e Elisa e Tomás Fábregas.

En canto á figura de Honorato, resáltase neste libro por que foi obxecto dunha persecución equiparable (salvando as distancias seculares) á que sufriu o presentador ferrolán Jesús Vázquez polo caso Arny.

Marcela e Elisa eran dúas mulleres mestras que desafiaron ao seu tempo e casáronse en 1901, Elisa vestiuse de home, tomando a identidade dun primo náufrago.

A última figura que se analiza é a de Tomás Fábregas (nacido en A Coruña en 1958) que foi unha eminente figura en Estados Unidos contra a loita da SIDA, traballou na UNESCO onde mereceu recoñecemento polo seu labor así como na cidade de San Francisco onde se lle dedicou un día en homenaxe o seu labor.

Foi directivo da Fundación Antisida de San Francisco, unha das principais institucións mundiais de loita contra a SIDA.

O que si se acadou facer en A Coruña en recoñecemento á súa figura foi unha exposición no Fórum Metropolitano da devandita cidade.

Para estas tres grandes historias loitou o colectivo, como o de conseguir o recoñecemento de seu nome por medio dunha rúa coruñesa que recordase as súas figuras e o seu sufrimento; malia os múltiples intentos que fixeron non o acadaron con ningún deles, quedando todo en papel mollado.

O libro péchase con diferentes referencias nos medios de comunicación, ademais dunha escolma da documentación gráfica do colectivo «Milhomes».

«Fai tan só 16 anos que a OMS eliminou do seu catálogo de enfermidades a homosexualidade».



CINEMA CLÁSICO NORTEAMERICANO (1940-1960)

PROGRAMACIÓN

Outubro

Día 3: **Historias de Filadelfia** (1940) de George Cukor

Día 10: **Recorda** (1940) de Alfred Hitchcock

Día 17: **As uvas da ira** (1940) de John Ford

Día 24: **Lúa nova** (1940) de Howard Hawks

Día 31: **Ter e non ter** (1940) de Howard Hawks

Novembro

Día 7: **Gilda** (1946) de Charles Vidor

Para este outono dende o Ateneo Ferrolán propoñémosvos un ciclo de «Cinema clásico norteamericano (1940-1960)» no que proxectaremos doce cintas destas décadas nas que o cinema norteamericano acadou o seu cumio no que xa se coñece como «etapa dourada» do cinema estadounidense o cal non pode ser doutro xeito se refrescamos algo a memoria e acodirán presurosos unha morea de filmes, cineastas e –como non– actrices e actores.

Mais quero salientar antes de nada que a miña intención neste breve artigo é tan só de dar unhas pinceladas sobre cada unha destas cintas pois con cada proxección de «os martes de cinema» terá lugar unha breve presentación de cada filme e esta irá acompañada dun folleto explicativo coa ficha técnica, a sinopse e unhas breves biografías dos directores, actrices e actores principais.

Así pois aclarado este tema dicir que o primeiro filme que se vai proxectar é «**Historias de Filadelfia**» (1940) de George Cukor, este filme é unha comedia sublime sobre unha muller moi coñecida entre a alta sociedade, infelizmente comprometida e que recibe o seu merecido. Destacan as interpretacións de Katherine Hepburn, Cary Grant e James Stewart que gañou o Oscar ó mellor actor.

Proseguiremos con outro filme tamén do ano 1940 neste caso «**Recorda**» de Alfred Hichcock que nos fala de psiquiatras, amores e tormentos. Nesta cinta cómpre destacar a secuencia onírica que debuxou Salvador Dalí e que conta coas actuacións de Ingrid Bergman e Gregory Peck.



Fotograma de «Historias de Filadelfia» (1940) de George Cukor

E de seguido e sen saír do ano 1940, poderemos visionar a adapatación da novela homónima de John Steinbeck «**As uvas da ira**» feita por John Ford e que narra a historia dunha familia durante a Depresión económica e que ten coma protagonista a Henry Fonda no que observaremos as diversas transformacións persoais que ocorren nel a raíz de todo o que ve e observa dende que emprende unha viaxe coa súa familia de Oklahoma a California en busca dunha vida mellor. John Ford acadou o Oscar ó mellor director e Jane Darwell o de mellor actriz secundaria.

De esquerda a dereita: Alfred Hitchcock, Billy Wilder, Orson Welles e Elia Kazan









O cuarto filme será unha das mellores comedias da época «**Lúa Nova**» (1940) de Howard Hawks que conta con brillantes e rapidísimos diálogos que é o que máis destaca do filme, así como a estelar interpretación de Cary Grant.

E seguirmeos con outra cinta de Howard Hawks, neste caso «**Ter e non ter**» (1944) que é todo un clásico do cinema negro que ten como trasfondo a II Guerra Mundial e na que actúan Humprey Bogart e Lauren Bacall.



Charles Vidor xunto a Glenn Ford e Rita Hayworth

A continuación virá «**Gilda**» (1946) de Charles Vidor e que pasou a historia pola actuación estelar de Rita Hayworth e Glenn Ford. Esta cinta fálanos de amores e odios entre os dous actores citados mais ¡quen sabe se hai outros amores!

Proseguiremos co cienema negro e con amores turbulentos desta vez co gran clásico «**O carteiro sempre chama dúas veces**» (1946) de Tay Garnett, excelente adaptación da novela de James M. Cain que xa fora levada antes ó cinema pero desta vez acádase unha excelente adaptación grazas tamén ós seus protagonistas principais Lana Turner e John Garfield.

A continuación virá o filme «**Todo sobre Eva**» ou «**Eva ó espido**» (1950) de Joseph L. Mankiewicz que é unha historia na que se nos conta como é por dentro o mundo do teatro, diseccionándoo ata límites insospeitados. Destaca a interpretación de Bette Davis. Esta cinta obtivo, entre outros, o Oscar ó mellor filme.

Os seguintes títulos serán dous filmes de Elia Kazan o primeiro deles o drama «**A lei do silencio**» (1954) que nos fala de sindicatos e a relación que teñen coa mafia. Conta coa gran actuación de Marlon Brando, e dicir tamén que este filme gañou sete Oscar entre eles o correspondente ó mellor director.

O segundo filme de Elia Kazan será «**Ó este do Edén**» baseada na novela de John Steinbeck e que narra os enfrontamentos que teñen dous irmáns, Dick Davalos no papel de «bo» e James Dean no papel de «malo» ou «rebelde»; dicir asimesmo que este é o primeiro filme que protagonizou James Dean.

O penúltimo dos filmes que imos ver é «**Sede de mal**» (1958) da man dun dos mellores cineastas mundiais: Orson Welles que nos ofrece nesta cinta un clásico do cinema negro que pasou á fama polo gran plano-secuencia de sete minutos co que comeza o filme que conta coas actuación do propio Orson Welles, Janet Leigh, e Marlene Dietrich.

E para rematar propoñémosvos outra das mellores comedias a nivel mundial, desta vez por parte de Billy Wilder «**Con saias e a rachar!**» (1959) que conta a historia de dous músicos interpretados por Tony Curtis e Jack Lemmon que deciden trasvestirse para incorporarse a unha orquestra de señoriñas para así poder fuxir de Chicago ata Miami onde poder levar unha vida máis tranquila. O filme tamén conta coa actuación de Marylin Monroe e co excelente guión de I.A.L. Diamond.



Tay Garnett, John Garfield e Lana Turner nun momento da rodaxe de «O Carteiro sempre chama duas veces».

Día 14: **O carteiro sempre chama dúas veces** (1946) de Tay Garnett

Día 21: **Todo sobre Eva** (1950) de Joseph L. Mankiewicz

Día 28: **A lei do silencio** (1954) de Elia Kazan

Decembro

Día 5: **Ó este do Edén** (1955) de Elia Kazan

Día 12: **Sede de mal** (1958) de Orson Welles

Día 19: **¡Con saias e a rachar!** (1959) de Billy Wilder

Bibliografía


GUBERN, Román: *Historia del cine*, Barcelona, Baber, 1992 (Reedición actualizada da obra de 1969).

RIAMBAU, Esteve e TORREIRO, Casimiro (Coordinadores): *Historia general del cine*, Volume VIII, Estados Unidos, (1932-1955), Madrid, Cátedra, 1996.

TORRES, Augusto.M.: *Diccionario Espasa Cine mundial*, Madrid, Espasa, 2001.

De esquerda a dereita: George Cukor, Howard Hawks, John Ford e Joseph L. Mankiewicz








CONFLITO DOS MARISCADORES DA RÍA DE FERROL

Os mariscadores de Ferrol están a protagonizar protestas para pedir unha solución por parte da Consellería de Pesca. O motivo das protestas é a imposibilidade de vender directamente o marisco, posto que a ría de Ferrol conta con catalogación de zona C, o que os obriga a «reparquear» o marisco durante dous meses en augas que non estean contaminadas. A nova clasificación afecta a 600 mariscadores a flote na ría de Ferrol.

VARIOS COLECTIVOS E INSTITUCIÓNS PEDIMOS:

Declaración de Zonas "C" de marisqueo na Ría de Ferrol e urxente diálogo coas Confrarías de Mariscadores da Ría e os seus Concellos por parte de todos os organismos autonómicos implicados nas causas durante os últimos 25 anos, financiando e impulsando solucións técnicas viables co fin de lograr o máis pronto posible solucións transitorias que permitan sobrevivir aos actuais 700 mariscadores até que o saneamento integral da Ría permita recuperar as condicións de marisqueo cualificables como zona "B" ou "A".

A situación crítica da Ría de Ferrol víase vir desde 1981 cando xa existía un proxecto de saneamento integral para a cidade de Ferrol con colector, depuradora e 1.400 millóns de pesetas de entón nos orzamentos do Estado. No ano 1989, con goberno tripartito na Xunta, o proxecto foi ampliado a toda a ría no Plan Europeo de Desenvolvemento Rexional 1989-1993, que incluíu os saneamentos integrais das marxes esquerda e dereita das Rías da Coruña, Ferrol, Arousa, Pontevedra e Vigo, con 21.480 millóns de pesetas das de 1989, procedentes dos primeiros fondos europeos que se dispoñían en Galicia.

A partir de 1990, co Sr. Fraga na Xunta, ese saneamento integral quedou ralentizado e, próximo a finalizar o ano 2006, aínda non se realizou en ningunha das cinco rías. Na de Ferrol só se constrúe para a beira norte de Neda, Narón e Ferrol, sen proxecto para Fene e Mugardos. Os fondos europeos asignados cada ano, fóronse gastando a capricho de quen mandaba na Xunta ou Goberno Central, é dicir, gastouse no paseo marítimo da Coruña, Autovías Barreiros-Bahamonde, Santiago-Ourense, etc... No saneamento integral das Rías a xestión da obra compete á Consellería de Medio Ambiente, os fondo europeos financian un 85% do seu custo e a Confederación Hidrográfica canaliza ese financiamento, pero cada vez queda menos tempo para dispoñer dos devanditos fondos debido á ampliación comunitaria a países máis pobres.

> «Os fondos europeos asignados cada ano, fóronse gastando a capricho de quen mandaba na Xunta ou Goberno Central, é dicir, gastouse no paseo marítimo da Coruña».

A actividade industrial diminuíu en grandes empresas como as actuais Navantia, antigas Bazán en Ferrol e Astano en Fene, esta última con moi pouca actividade nos últimos cinco anos, os seus vertidos deben ser moito menores que hai 25 anos. Desde o ano 1990 aumentou a actividade de pequenas empresas como "Forestal do Atlántico S.A." coa súa fábrica de colas de urea, cuxos vertidos en ocasións provocan grumos de restos de cola de urea, que flotan como vultos viscosos cun grosor de cinco a dez centímetros, así mesmo as pedras próximas á saída deses vertidos poden verse dunha cor branca e apegadas coma se estivesen unidas por soldadura. Nos vertidos industriais están implicadas as Consellerías de Industria e Medio Ambiente que veñen dando as autorizacións de actividade e vertidos.

Desde hai uns dez anos no fondo da Ría estanse acumulando e podrecendo moitas toneladas de vieira, prohibida a súa extracción pola toxina amnésica cuxo crecemento foi acelerado polo exceso de nutrientes dos vertidos urbanos e tamén polos de cola de urea de Forestal do Atlántico.

As modificacións urbanísticas nos concellos da Ría fixéronse co visto bo da Consellería de Ordenación do Territorio, organismo competente no artigo 12 da Directiva 97/82/CE (Seveso II), sobre distancias suficientes de actividades nocivas ou perigosas ás vivendas e zonas de interese natural ou público. Pero os vertidos urbanos fecais e outros á Ría aumentaron un 100% ou máis





nestes últimos 25 anos, porque nas zonas rurais os concellos construíron canalizacións para levar os seus vertidos a Ría, cuxa renovación coas mareas é parcial por unha sinuosa canle de 4,5 quilómetros de longo e douscentos metros de ancho, que comunica co océano Atlántico. A Directiva Europea 91/492/CEE que establece as zonas A, B e C para produción de moluscos bivalvos entrou en vigor o 1 de xaneiro de 1993, é dicir, desde hai 13 anos todos os organismos autonómicos implicados deberían tela aplicado e adoptar medidas para reducir a contaminación das Rías.

A Ría de Ferrol está pendente da elaboración e aprobación dun plan de usos que non pode ser atrasado máis polos organismos competentes, entre eles a Autoridade Portuaria e a Dirección Xeral de Costas dependente de Pesca. A Consellería de Ordenación do Territorio nestes últimos anos, puxo a súa maior e negativa énfase no cese -no ano 2001- do entón Presidente da Autoridade Portuaria, Guillermo Romeu Caramelo, para dar vía libre á Planta de Gas de Reganosa, actividade que -se chega a entrar en funcionamento- aniquilaría a riqueza marisqueira cun vertido de 300.000 toneladas diarias de augas moi frías, esterilizadas e con restos de cloro, que destruirían da auga do mar o plancton, ovocitos, larvas, ... é dicir, un grande volume de auga na Ría que eliminaría a base da cadea trófica, con vertidos diarios contaminantes máis de tres veces maiores que os actuais vertidos, segundo un proxecto de vertidos de febreiro de 2005 autorizado o 13 de decembro de 2005, por "Augas de Galicia", dependente da Consellería de Medio Ambiente, contra o que presentaron recursos de Alzada as tres Confrarías de Mariscadores e outras Asociacións cívicas, ecoloxistas e culturais, do que aínda non recibiron resposta, véndose obrigadas a presentar un contencioso nos tribunais.

O atraso durante moitos anos da Xunta de Galicia no saneamento integral da Ría e o feito de permitir aumentar os vertidos urbanos e industriais de pequenas empresas, provocou a cualificación de zona "C" para áreas onde o marisco extraído non pode venderse directamente ao consumidor. Algunha opinión interesada ou de *pau de cego* bota a culpa ao Porto Exterior construído despois do 2002, pero esta abofé que non é a causa da cualificación de zona C que impide vender ao público as ameixas, nin da toxina amnésica pola que desde hai dez anos prohíbese as extracción das vieiras.

O que antes non se fixo agora hai que acelerało ou corrixir o que se fixo mal. O diálogo debe ser impulsado con urxencia desde a Xunta de Galicia coas Confrarías de Mariscadores da Ría de Ferrol, vindo os responsables autonómicos a Ferrol, como tamén van a outras Rías, co fin de lograr un consenso coas tres Confrarías nas solucións transitorias, entre tanto non estea realizado o saneamento integral da Ría, agora atrasado para o ano 2009, pero que estivo prometido para o ano 1995 no chamado Plan Ferrol, asinado polo entón presidente da Xunta de Galicia.

Segundo expertos o número actual de 700 mariscadores pode multiplicarse por tres despois do saneamento integral da Ría de Ferrol, sendo o marisqueo a actividade que pode ser máis importante nun futuro próximo en número de emprego posible. Por iso deben ser descartadas as indemnizacións para abandonar o marisqueo e tamén descartar a morte da Ría proposta en 1997 nun libro de Ernesto Penas prologado polo entón Conselleiro de Pesca Amancio Landin da anterior Xunta de Galicia.

«Segundo expertos o número actual de 700 mariscadores pode multiplicarse por tres despois do saneamento integral da Ría de Ferrol ... por iso deben descartar a morte da Ría proposta en 1997 nun libro de Ernesto Penas prologado polo entón Conselleiro de Pesca Amancio Landin da anterior Xunta de Galicia».





O BARCO DA MEMORIA

Un antigo vapor, o 'Hidria', axuda a 'descubrir' a historia esquecida dos mariñeiros republicanos. A súa bodega é o marco dunha exposición con datos e imaxes conmovedores.

Unha das embarcacións máis emblemáticas do noso patrimonio marítimo, o Hidria II, totalmente rehabilitado, estivo a percorrer este verán a costa galega. Convertido no Barco da Memoria, rende homenaxe ás persoas represaliadas tras o golpe de estado franquista na Galiza mariñeira.

Nas súas adegas viaxaba a exposición "Os mártires do mar: Represión franquista contra os mariñeiros galegos" e abondoso material audiovisual que se proxectou nas vilas que percorreu. Ao seu carón tiveron lugar en terra diversas actividades como conferencias, outras exposicións, proxeccións de documentais audiovisuais, concertos e homenaxes ás persoas que foron asasinadas e represaliadas polo réxime franquista. O Barco da Memoria forma parte das actividades que organizou a Consellería de Cultura e Deporte dentro do Ano da Memoria para dar a coñecer unha época da nosa Historia que aínda ten demasiados silencios.

Todos os datos revelan que a forma que a guerra adquiriu en Galicia foi a de 'unha cacería ao home'. En varios lugares das Rías Baixas, en especial a zona do Morrazo, o mar foi utilizado como fosa común.

«O Hidria II comezou a súa viaxe o 18 de xullo en Cambados e rematou o 8 de setembro en Vilagarcía de Arousa, tras recalar en 18 vilas, entre elas Ferrol».



Lela Romero, esposa dun preso republicano. (Fotografía de Xurxo Lobato)

Testemuños inéditos

Grazas a este labor de divulgación están a aparecer testemuños de vítimas da represión que até agora non se coñecían. Familiares de persoas represaliadas, que se mantiveron en silencio durante anos a causa do temor, achéganse ao barco e comentan os casos das súas familias.

O Barco da Memoria estivo a servir tamén como un lugar de comunicación no que vítimas directas, familiares ou xente especialmente interesada poden intercambiar as súas historias. "Hai xente que vén e que ve o barco como un lugar de consolo, para expresar unha historia que até agora pasou inadvertida", comenta Matías Rodríguez, que acompaña o Hidria II na súa singradura. Isto reflíctese ben no libro de sinaturas do barco: "hai familias que veñen saldar unha débeda co silencio de tantos anos, hai textos que son verdadeiras dedicatorias", engade.

Todo tipo de público

Pero ao barco non só acudiron xente ligada dunha forma ou doutra á represión, senón tamén persoas que descoñecían a dimensión das consecuencias do alzamento franquista. Precisamente, dar a coñecer esta realidade foi un dos principais obxectivos do Barco. A represión iniciada tras o golpe militar ensañouse na costa co tecido sindical que se creara arredor das fábricas conserveiras e dos traballadores mariñeiros. Líderes sindicais e persoas significadas na loita polas liberdades e polas melloras das condicións laborais foron asasinadas, sufriron prisión ou foron repudiadas.

O Hidria II comezou a súa singradura en Cambados o día 18 de xullo e visitou Moaña, San Simón, Baiona, Marín, O Grove, A Illa de Arousa, Rianxo, Cabo de Cruz, Ribeira, Portosín, Muros, A Coruña, Ferrol, Ría de Vigo e Cangas. Finalmente, en setembro, estivo en Vigo, en Raxo e en Vilagarcía.





O barco *Hidria*, no porto de Rianxo. (Fotografía de Xurxo Lobato). Ao abeiro do Barco xorden testemuños de vítimas que aínda estaban sen coñecer.

O BARCO DA MEMORIA

Discurso de MANUEL RIVAS na Inauguración

Os barcos que partiron da costa galega nos tempos posteriores ao golpe fascista do 18 de xullo levaban xente cun destino gravado na íntima bitácora: volver. Non habería que falar en realidade de fugas, senón dunha epopeia de salvación. Eran barcos que zafaban dunha morte segura, da cacería humana desatada en terra. Xunto coas vidas a salvar, aqueles barcos levaban un transporte valiosísimo, un tesouro laboriosamente labrado durante moitos anos, unha obra transmitida e continuada de xeración en xeración de loitadores: a consecución das liberdades e os dereitos humanos, a procura dun hábitat democrático que dera un xiro copernicano á historia, que cambiara o signo fatal de séculos de dominación reaccionaria e escurantista. E tamén, dende diferentes ópticas, tomaba corpo a reivindicación dun autogoberno, o que os librepensadores republicanos e galeguistas denominaban "a redención da Nosa Terra". Todo iso ía neses barcos. Moitos deses refuxiados a quen o mar deu amparo in extremis foran protagonistas de episodios heroicos de resistencia, loitaran a peito descuberto, desvalidos na práctica fronte a maquinaria pesada do armamento ao servizo da barbarie.

Non esquezamos nunca que o que trouxo aquel golpe, o fascismo español, foi un réxime ilexítimo, un estado de excepción permanente, de guerra manifesta ou encuberta contra a propia poboación, prolongada durante medio século.

Aqueles "imperialistas fracasados", como lles chamou Castelao, adestrados na guerra colonial, dirixiron o punto de mira das súas armas cara ao propio país para conquistalo e coa confesa intención de "aniquilar a media España" se for preciso para arrincar de raíz a memoria da liberdade. Non esquezamos nunca que aquel golpe, e polo tanto o réxime que instaurou, foi un acto de alta traizón.

Entre os primeiros asasinados en Galicia polos golpistas atopábanse os gobernadores civís das catro provincias e os principais alcaldes e representantes do pobo, mais tamén os primeiros mandos militares, que podemos encarnar na figura exemplar do xeneral gobernador militar Caridad Pita, que morreu berrando "Viva a República!" diante do pelotón de fusilamento.

Non esquezamos nunca que o propósito do golpe e o réxime de terror que lle seguiu tiña por obxecto, como recollen as instruccións dos golpistas, decimar a poboación republicana, eliminar ás persoas que se significaran polos seus ideais democráticos e liberadores, o que os represores denominaban como decisiva proba acusatoria "o ter ideas avanzadas". Así, nesa cacería humana que foi a guerra en Galicia, actuaron con especial asañamento contra traballadores e campesiños afiliados a sindicatos, ateneos ou organizacións solidarias, e cos homes e mulleres que exercían o maxisterio e eran vistas como as luces da República. Non esquezamos nunca que as dimensións da represión, continuada de xeito inmisericorde despois da guerra, co seu ronsel de execucións, campos de concentración e exilio, permítenos falar, na súa escala, dun "holocausto español", pois había unha clara vontade e unha arañeira de procedementos especiais para eliminar a poboación "desafecta" co fascismo. Non esquezamos nunca que o denominado alzamento militar do 18 de xullo, ese acto de alta traizón, foi parte dunha conspiración entrenzada dende o comezo do réxime democrático do 14 de abril de 1931 e que os seus protagonistas contaron sempre coa complicidade e apoio do fascismo italiano e do nazismo alemán, de Mussolini e Hitler. Non esquezamos endexamais que a resistencia que o pobo presentou foi un exemplo que conmoveu o mundo. Así que non se trata soamente de condenar o fascismo, a destrución da legalidade democrática republicana e a ditadura que estragou a vida de xeracións, senón tamén de facer a elemental xustiza de repoñer a verdade, de dar a coñecer a épica democrática, de liberar a Historia das mans dos "secuestradores do pasado", e sobre todo de devolver á luz, ao lugar da honra colectiva, os nomes espoliados, os de aqueles que sendo o mellor da humanidade foron tratados como alimañas.

Volven os nomes. Cada un deles ten a forma dunha barca, a caligrafía dun ronsel na ardora.

Ao longo da historia, o mar foi para nós o primeiro dos camiños. O camiño do sustento, a xenerosa despensa. O camiño da emigración e do comercio. O camiño das ideas e das innovacións culturais. Podemos dicir que Galicia nunca estivo rodeada polo mar, senón arrolada polo mar, liberada polos camiños e eidos do mar. O mar, nos tempos escuros, estivo estreitamente vixiado. O mar sempre foi tratado como un sospeitoso. O retrouso do mar, a súa linguaxe secreta, é un convite sempre a recomezar. A arquitectura máis fermosa creada polo ser humano é a dos barcos. Esa é tamén a forma que adoita ter a memoria cando quere avanzar, cando a memoria se sitúa no chamado "círculo de iluminación", visíbeis como astros os soños compartidos, e pon rumbo a esperanza.

Si. Volven os barcos. Volven os compañeiros, Liberdade!

Manuel Rivas

Cambados, 17 de xullo do 2006



A ASOCIACIÓN PARA A RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA EXHUMARÁ DÚAS FOSAS COMÚNS EN GALICIA.

«Os Estados actuarán a nivel nacional, rexional e en cooperación coas Nacións Unidas para contribuír por todos os medios a previr e a eliminar as desaparicións forzadas».

A Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (ARMH) exhumará dúas fosas comúns en Galicia, cos restos de persoas asasinadas por pistoleiros de falanxe apenas un mes despois do golpe militar do xeneral Francisco Franco.

En agosto comenzou a primeira das exhumacións en Galicia, dirixida polo arqueólogo Javier Ortiz, na localidade de As Pontes (Coruña), onde se esperan recuperar os restos dun matrimonio e os seus dous fillos.

A ARMH levará a cabo estes traballos cos medios habituais, contando cun grupo de arqueólogos e forenses voluntarios e esperando a intervención do Goberno español, que segundo Declaración sobre a protección de todas as persoas contra as desaparicións forzadas aprobada pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas na súa resolución 47/133 de 18 de decembro 1992 que no seu Artigo 2.2 di:


«O*s Estados actuarán a nivel nacional, rexional e en cooperación coas Nacións Unidas para contribuír por todos os medios a previr e a eliminar as desaparicións forzadas*».

Un matrimonio e os seus dous fillos maiores, asesinados.

A noite do 22 de agosto de 1936 un grupo de pistoleiros de Falanxe acudiron á vivenda na que residía o matrimonio formado por Manuel Ramos Fernández e Juana Ferreiro Rodríguez, xunto cos cinco fillos. Alí fixeron saír ao pai e ao fillo maior e os asasinaron na porta da súa casa. Logo subiron os cadáveres a un carro e fixeron saír á muller e a outro dos seus fillos. Levaron os cadáveres ao cemiterio e fixeron á muller e ao fillo cavar unha fosa. Unha vez cavada, asasinaron á muller e ao outro fillo e enterraron na fosa aos catro membros da mesma familia. Anos despois outro dos fillos conseguiu a través dun familiar que era fiscal, en pleno réxime franquista, levar a xuízo aos 18 asasinos dos seus pais e dos seus irmáns. E logo de que numerosos veciños declarasen no xuízo contra eles, incluído un sacerdote, foron absoltos porque, segundo a sentenza, os falanxistas atopábanse nun acto de servizo. Un caso que define perfectamente o modelo de Estado e as características da represión franquista.



AGAL



25 ANOS DE REINTEGRACIONISMO ORGANIZADO



Fundada en plena **transición** democrática por máis dun centenar de persoas de todos os sectores sociais, nestes vintecinco anos (1981-2006) a Associaçom Galega da Língua (AGAL) converteuse no organismo referencial do reintegracionismo lingüístico galego-portugués. Coincidindo co cambio de século, no momento en que celebraba o vixésimo aniversario, este colectivo abriu unha etapa de renovación e o **proceso** foi ratificado unanimemente polos asociados.

Um pouco de historia

A idea de crear un organismo reintegracionista para tratar a problemática da língua galega xurdiu no ano 1978 e concretizouse oficialmente em 1981 ao ser fundada a Associaçom Galega da Língua. Como outros grupos que estaban a nacer durante a transición política, esta entidade tiña a finalidade de potenciar a recuperación dos usos do galego, reintegrándoo na área lingüística e cultural galego-portuguesa.

Actividades

Son moitas as actividades postas en práctica pola Agal durante este período de vintecinco anos.


a) Mostra do seu **labor editorial** é o medio centenar de libros imprescindíbeis para o coñecimento da historia da língua e dos debates lingüísticos contemporáneos. Neles encóntrase a doutrina reintegracionista desde as máis variadas perspectivas. En 1983 edita o **Estudo crítico,** a gramática da escrita histórica do galego. Este e outros volumes do xénero ensaístico (algúns deles da autoría de Ricardo Carvalho Calero) fornecían o material didáctico suficiente para levar o Reintegracionismo ao grande público, nunha estratexia complementaria á da procura do apoio das elites intelectuais.

b) **Eventos científicos**. A presenza da AGAL en foros académicos posibilitou a divulgación a nível internacional da problemática lingüística do galego. Alén da participación no I Congresso de Escritores Luso-Galaicos (1985) e nos Encontros da Associação Portuguesa de Linguística (1985), os membros da Associaçom Galega da Língua mantiveron estreitos vínculos con outras comunidades com situacións culturais semellantes e con esa pretensión estiverom representando a Galiza no II Congreso Mundial Vasco e no II Congrés Internacional de la Llengua Catalana. Dentro desta estratexia dos primeiros anos do reintegracionismo organizado, o facto máis salientábel foi a organización pola AGAL do **I Congresso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza,** entre os días 20 e 24 de setembro de 1984. O I Congresso, en que participam algunhas das personalidades máis destacadas das Ciencias da Linguaxe e da Literatura, foi umha auténtica demostración da forza do Reintegracionismo e do soporte con que conta no ámbito intelectual.

c) **Revista**. A Agália (Revista de Ciencias Sociais e Humanidades) publícase ininterrompidamente desde 1985 con periodicidade trimestral. Ten xa máis de vinte anos de historia e case un cento de números publicados. A súa grande calidade literaria e científica fanna cada día máis coñecida e aprezada nos medios lingüísticos internacionais e hoxe é distribuida, alén toda a Península Ibérica, en diversos países europeos (Itália, Alemaña, Inglaterra...), americanos (Arxentina, Brasil e Estados Unidos) e inclusive en Macau. Dirixida por Carlos Quiroga, profesor da Filoloxía na USC, a revista conta con Consellos Científicos e de Redacción que abranxen personalidades do mundo cultural galaico-português, brasileiro e africano.

d) **Cursos**. Outra das actividades clásicas da AGAL é a organización de cursos de Língua, Literatura e Cultura Galego-portuguesas destinados a persoas adultas. Neles ensínanse as normas da escrita histórica, lense textos do conxunto das literaturas de raíz galega e infórmase sobre a problemática sociolingüística actual.

«Os membros da Associaçom Galega da Língua estiverom representando a Galiza no II Congreso Mundial Vasco e no II Congrés Internacional de la Llengua Catalana».



> «O Portal Galego da Língua (www.agal-gz.org) louvado por personalidades da cultura galega, brasileira, portuguesa e dos máis diferentes lugares, informa os visitantes sobre as actividades organizadas por todo tipo de colectivos».

Actividade cultural independente

A Agal é umha entidade de carácter cultural, independente de calquera opción política; nela participam persoas de todas as tendencias e idades. Para atender a demanda de todo tipo de público, a asociación organiza tamén outro tipo de actividades de tipo lúdico e recreativo. Os grupos locais programan excursións, competicións deportivas, veladas literarias e espectáculos teatrais.

Portal Galego da Língua

A Agal sustenta na rede o Portal Galego da Língua (www.agal-gz.org). Louvado por personalidades da cultura galega, brasileira, portuguesa e dos máis diferentes lugares, este portal informa os visitantes sobre as actividades organizadas por todo tipo de colectivos. A súa audiencia multiplicouse sucesivamente desde o seu nacemento en 2001. Hoxe recibe perto das 100.000 visitas mensuais, procedentes de todo o mundo.

O respecto por todas as opcións normativas en que se envían as colaboracións é un verdadeiro sinal de identidade do Portal Galego da Língua. Os seus coordenadores consideram que só com respecto e tolerancia se pode establecer un diálogo fructífero entre todos os utentes da língua, verdadeiro tesouro colectivo de todos os galegos, con independencia das súas diversas ideoloxías políticas.

Das bibliotecas às ruas


O debate sobre a língua chegou ao conxunto da sociedade e a mensaxe reintegracionista foi asimilada tamén por persoas xoves, as primeiras escolarizadas en galego. Esas mesmas persoas son as responsábeis da creación dun riquísimo tecido asociativo que constitúe unha auténtica novidade na historia recente do País (Meendiño en Ourense, ARO en Ordes, CRÊS no Salnés, Marcial Valadares na Estrada, Vª Irmandade en Vigo, Bonaval en Compostela, Artábria en Ferrol e Narón, Alto Miño en Lugo, Aquém-Douro en Tui, Ene Agá en Ponte Vedra, entre outros).

O mundo da emigración fornece aínda outro exemplo de grupo organizado de signo reintegracionista. Trátase da **Asociación Civil «Amigos do Idioma Galego»**, de Buenos Aires, constituída en 1987. As súas actividades representan a continuidade do esforzo por manter viva a presenza da língua galega entre os fillos de emigrantes na Arxentina. Naceu orixinariamente como unha cooperativa formada por un grupo de estudantes dos cursos de língua galega do Instituto Arxentino de Cultura Galega (departamento do Centro Galego de Buenos Aires).

Nova etapa na Agal

Nesta nova etapa a AGAL implantou un sistema organizativo plural e descentralizado. A dirección está agora repartida entre o Consello, a Comisión Lingüística, o Portal Galego da Língua e o Equipo de Desenvolvimento Informático. O renovado Consello está presidido por Bernardo Penabade e conta coa participación do prestixioso lexicógrafo Isaac Alonso Estraviz, que se ocupa da Secretaria. Con eles aparece unha representación tanto dos membros que levan máis tempo na asociación como das novas incorporacións.

De todo o relacionado co código lingüístico ocúpase unha comisión específica -a Comisión de Lingüística- da que é Secretario o ourensano Carlos Garrido, Licenciado em Ciencias Biolóxicas así como en Tradución e Interpretación e profesor desta última especialidade na Universidade de Vigo. O Director da Revista Agália é o escritor Carlos Quiroga, docente na Faculdade de Filoloxía de Santiago.



¿*GORDON* ou NEGLIXENCIA?



Eran sobre as nove da mañá, xusto cando empezaba a soprar o vento da anunciada tormenta tropical *Gordon*, é nese momento no que o tellado do edificio da zona de Telleiras saíu polos aires, o mesmo que o do inmoble xemelgo. A **intensidade** non foi a esperada, ventos racheados que provocaron problemas de caídas de ramas de árboles ou cornixas e envorcamento de contedores pero aínda así levou por diante as cubertas de dous edificios entregados hai apenas catro anos.

A casualidade, ou a boa sorte, quixeron que non houbese que lamentar danos personais. Efectivamente non houbo vítimas, mais os bombeiros trasladaron cans até o lugar para rastrexar entre os cascallos. Tamén se cortou o gas pola existencia dunha pequena fuga que podería ter engadido novos danos aos xa inevitables.

As 77 familias desaloxadas (unhas 300 persoas) que, angustiadas, esperaron na rúa a que os técnicos ditaminasen sobre o estado das súas vivendas, os propietarios dos vehículos sepultados baixo os cascallos, e os veciños do Barrio de Caranza non dan creto ao acontecido; a rúa traseira onde foron parar a maioría dos restos, é unha paisaxe que asemella un bombardeo.

Bombeiros, policía e Protección Civil traballaron na zona, que se procedeu a precintar.

Os dous bloques de vivendas afectados están situados na rúa Fonte de Greza, próxima ao Paseo Marítimo de Caranza. Foron promovidos hai seis anos pola cooperativa Vitra, vinculada a Comisións Obreiras, e a construtora ACS cun proxecto do arquitecto Alfredo Alcalá.

¿Como é posible que vivendas (as de Bazán) que levan máis de 50 anos edificadas non lles pasara nada e só estean afectadas polos tellados caídos deses bloques novos? ... O vento racheado afectáballes por igual posto que están na mesma zona!.

E aínda haberá cronistas dalgún medio de comunicación que volva a *chufarse* da esaxerada protección cos escolares por parte da Xunta de Galicia... ¿Que tería acontecido se ese día non estivesen as escolas pechadas?

¿Quen responderá aos cidadáns afectados as miles de preguntas que quedan no aire?



PARABÉNS AO NOSO SOCIO ANTONIO YÁÑEZ CASAL!!

O ferrolán e socio deste Ateneo acaba de gañar o PREMIO DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL "MEIGA MORA" co conto titulado "LÓBEZ" que é a súa cuarta publicación.

Sempre ás portas de grandes premios como do "Raíña Lupa" ou do mesmo "Merlín" ... por fin dáse recoñecemento ao labor que merece este ESCRITOR.

NORABOA!!!



COMEZA A RODAXE DUNHA NOVA CURTA EN GALEGO DE JAIRO IGLESIAS

O día 4 de setembro na vila de Malpica de Bergantiños comezou a rodaxe da nova curta do **realizador santiagués Jairo Iglesias.**

Belén Constenla protagoniza xunto a Miguel Borines, María Castro e Fernando Morán unha historia de amor e soidade na Costa da Morte. 'Ao marido de Rosa levouno o mar hai tempo e intenta vivir dos recordos, pero descobre que non son suficientes para calmar o baleiro de tantos anos de soidade' relata o director.

Supón a primeira curta en galego do realizador santiagués 'porque esta historia non tería sentido noutra lingua, é unha historia galega, próxima e real'.

A curta conta co apoio da **Xunta de Galicia**, producida por **produccciones RETRATO** e coproducida por **Formatoriginal**. Tamén contan coa colaboración do **Concello de Malpica, PousadaSon e Dobleclic.info.**

A curta terá unha duración aproximada de 17 minutos e gravarase en Alta Definición.



Ateneo Ferrolán



O TRIBUNAL SUPREMO REITERA NUNHA SENTENZA QUE O CONCELLO DEBE UTILIZAR 'A CORUÑA'

[06/10/2006] A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA ENVÍA UNHA COPIA DA SENTENZA AO PRESIDENTE DA XUNTA, PARA QUE OBRIGUE AO CONCELLO A CUMPRIR AS LEIS

O Tribunal Supremo notificou unha nova sentenza contra o Concello herculino no litixio que esta administración mantén desde hai catorce anos pola súa negativa a recoñecer a forma A Coruña como denominación oficial da cidade. O Tribunal Supremo volve ditaminar, e con total contundencia e rotundidade, que a "única forma oficial" do topónimo é a galega.

Esta sentenza foi motivada por un recurso do goberno municipal coruñés onde non só solicitaba que non fose recoñecida a forma A Coruña como a oficial a todos os efectos, senón que tamén pretendía que se "tirase abaixo" a Lei de Normalización Lingüística, a través dunha cuestión de inconstitucionalidade. O Tribunal Supremo corta de raíz esas pretensións e afirma que non "considera procedente a petición de que formulemos cuestión de inconstitucionalidade do artigo 10 da Lei de Galiza 3/1983, de 15 de xuño, de Normalización Lingüística."

A Mesa pola Normalización Lingüística, que é a entidade cidadá promotora desta fronte xudicial en defensa da legalidade e do galego, acolle "con satisfacción" este novo pronunciamento do Tribunal Supremo, mais mostra tamén que se sente "totalmente indefensa perante un goberno municipal que se ri das sentenzas xudiciais e un decepcionante Presidente da Xunta que, até o momento, non tomou a primeira acción en defensa da legalidade no Concello da Coruña".

"A Mesa pola Normalización Lingüística esíxelle tamén ao Concello da Coruña que ofreza datos veraces sobre os gastos reais que lle está ocasionando ás arcas municipais esta loita obsesiva contra o galego e contra as leis.



PARABÉNS!!! O ferrolán Gómez Noya proclámase como o mellor triatleta nacional

Finalmente, hai relevo. Iván Raña cedeu o trono de campión de España ao ferrolán JAVIER GÓMEZ NOYA nunha carreira na que os dous galegos non deron opción a ningún outro triatleta.
O departamental colgouse así por vez primeira a medalla de ouro da proba nacional absoluta.

A progresión de Gómez Noya prodúcese a pasos axigantados ao longo da presente tempada.
Así, tras a presenza lograda en Hamburgo, agora o ferrolán coróase como o mellor triatleta español acalando deste modo calquera tipo de dúbidas sobre o seu potencial.

O ferrolán xa deixou de ser unha das xoves promesas da disciplina para converterse no abandeirado nacional deste completísimo deporte.
Aos seus 23 anos, Gómez Noya partía xa como favorito e fixo bos os prognósticos que o colocaban na cima do podio.



V Certame de Teatro infantil e xuvenil "Atenea"

BASES

1 As entidades ATENEO FERROLÁN e CAIXANOVA convocan o V Certame de Teatro Infantil e Xuvenil "ATENEA", dirixido a Centros Escolares e mais a Entidades ou Sociedades Culturais que teñan sección infantil ou xuvenil de actividades, co fin de promover entre eses primeiros segmentos de nosa cidadanía o interese, afección e amor ás letras e á representación escénica.

2 PARTICIPANTES. Poderán participar e optar ós premios que se establecen tódolos grupos teatrais, non profesionais, vencellados a Colexios Públicos e Privados, a Sociedades Culturais ou Veciñais da comarca, que se correspondan coas categorías que se establecen nestas Bases.

3 CATEGORÍAS. Establécense catro categorías para a participación neste Certame:

A) Grupos de Teatro Infantil

B) Grupos de Teatro Primaria

C) Grupos de Teatro Xuvenil

D) Educación Especial

A idade límite para participar como actor será de 20 anos.

4 CONDICIÓNS BÁSICAS.

a) Cada grupo participante só poderá presentar ó Certame unha obra.

b) A duración da representación de cada obra estará entre 20 e 75 minutos.

5 Tódolos grupos que queiran participar deberán envia-las súas solicitudes ó Ateneo Ferrolán (Rúa Magdalena, 202. Aptdo. 303. CP 15402. Ferrol) nas cales farán constar os seguintes datos: nome do colexio ou entidade e da persoa responsable cos datos correspondentes ó grupo presentado (nome do grupo, nome da obra, número de actores e idades, duración da obra e espacio necesario).

6 PRAZO. O prazo de presentación para a participación no Certame remata o **19 de xaneiro do 2007**. Co gallo de facilita-la asistencia e traballo do Xurado, xunto coa solicitude deberá achegarse unha copia do texto da obra. Os grupos, optativamente poderán presentar unha gravación da obra en formato VHS, CD ou DVD.

7 REALIZACIÓN. A representación das obras, na súa primeira fase, terá lugar nos meses de marzo, abril e maio do 2007, dentro dun programa que estará en función do número de participantes. O Xurado fará unha selección de DOUS grupos nas categorías A, B e C, así como na categoría C haberá unha selección dun só grupo. O Xurado valorará en cada representación os seguintes apartados:

a) Mellor posta en escena

b) Mellor representación




8 XURADO. O Xurado será nomeado, de mutuo acordo, entre o Ateneo Ferrolán e maila Caixa Nova, entre persoas representativas dos medios culturais e do ensino.

9 PREMIOS. Tódolos grupos seleccionados, como parte do Premio, actuarán na Fase Final do Certame, a celebrar entre os meses de maio e xuño, nun lugar a determinar pola Organización. Tamén recibirán unha cantidade en metálico, igual para todos polo importe de douscentos cincuenta euros (250 euros) que deberán ser destinados á adquisición de materiais para a formación e promoción das artes escénicas.

10 A presentación a este concurso supón a plena aceptación destas Bases. Tódolos imprevistos non contemplados nelas, serán resoltos polo Xurado sen ningún tipo de apelación.





MARTES DE CINE

As proxeccións terán lugar no **Ateneo Ferrolán** todos os **Martes as 20:00 h.**

Outubro

Día 3: **Historias de Filadelfia** (1940) de George Cukor

Día 10: **Recorda** (1940) de Alfred Hitchcock

Día 17: **As uvas da ira** (1940) de John Ford

Día 24: **Lúa nova** (1940) de Howard Hawks

Día 31: **Ter e non ter** (1940) de Howard Hawks

Novembro

Día 7: **Gilda** (1946) de Charles Vidor

Día 14: **O carteiro sempre chama dúas veces** (1946) de Tay Garnett

Día 21: **Todo sobre Eva** (1950) de Joseph L. Mankiewicz

Día 28: **A lei do silencio**(1954) de Elia Kazan

Decembro

Día 5: **Ó este do Edén** (1955) de Elia Kazan

Día 12: **Sede de mal** (1958) de Orson Welles

Día 19: **¡Con saias e a rachar!** (1959) de Billy Wilder

PRÉGASE PUNTUALIDADE

26, 27, 28 e 29 de DECEMBRO
ás 19 horas

VI XORNADAS DE CURTAMETRAXES 2006

CICLO DE CINE e LITERATURA do GRUPO DE POESÍA "AVALON"

Ás 19 horas no Salón de Actos
http://www.grupoavalon.galeon.com
e-mail: correoavalon@yahoo.es

Xoves, 19 de Outubro / Presenta: ARANTXA SERANTES

Fahrenheit 451

Ano: 1966 / Duración: 98 min / Director: François Truffaut / Reparto: Julie Christie, Oskar Werner, Cyril Cusack, Anton Diffring, Jeremy Spenser / Sinopse: Fahrenheit 451 é a temperatura á que arde o papel dos libros. Guy Montag, un disciplinado bombeiro encargado de queimar os libros prohibidos polo goberno, coñece a unha revolucionaria mestra que se atreve a ler. De pronto, atopase transformado nun fuxitivo, obrigado a escoller non só entre dúas mulleres, senón entre a súa seguridade persoal e a súa liberdade intelectual.

Venres, 27 de Outubro / Presenta: ANTONIO BARROS SENIN

Plenilunio

Ano: 2000 / Duración: 111 min / Director: Imanol Uribe / Reparto: Miguel Ángel Solá, Adriana Ozores, Juan Diego Botto, Fernando Fernán-Gómez / Sinopse: Un inspector de policía dunha pequena cidade de provincias á que acaba de chegar destinado tras pasar varios anos no País Vasco debe enfrontarse a un caso dunha nena brutalmente asasinada.

Xoves, 2 de Novembro / Presenta: FERNANDO PUENTE GÓMEZ

The Bridges of Madison County (LOS PUENTES DE MADISON)

Ano 1995 / Duración: 135 min / Director: Clint Eastwood / Reparto: Meryl Streep, Clint Eastwood, Annie Corley, Jim Haynie, Victor Slezak / Sinopse: A paz e o aburrimento dunha tranquila ama de casa que vive nunha granxa coa súa familia, vense alterados coa chegada ao lugar dun fotógrafo do National Geographic. Un verdadeiro amor e unha paixón descoñecida nacerá entre eles.

Xoves, 9 de Novembro / Presenta: MANUEL A. PÉREZ GARCÍA

Wuthering Heights (CUMBRES BORRASCOSAS)

Ano 1992 / Duración: 106 min / Director: Peter Kosminsky / Reparto: Juliette Binoche, Ralph Fiennes, Sophie Ward, Simon Shepherd, Jeremy Northam / Xénero: Drama romántico / Sinopse: Algúns anos antes de que se xuntaran na marabillosa «El paciente inglés», Binoche e Fiennes xa dan mostras da súa química -fría e pasional ao mesmo tempo- nesta correcta adaptación do famoso drama baseado na novela de Emily Brontë

Xoves, 16 de Novembro / Presenta: AREA CALDEVILLA PITA

Dead Poets Society (EL CLUB DE LOS POETAS MUERTOS)

Ano 1989 / Duración: 124 min / Director: Peter Weir / Reparto: Robin Williams, Robert Sean Leonard, Ethan Hawke, Josh Charles / Sinopse: Un grupo de alumnos dun estricto colexio privado descubrirán a poesía, o significado de «Carpe Diem» -aproveitar o momento- e a importancia de perseguir os sonos gracias a un excéntrico profesor de métodos pouco convencionais que lles esperta as mentes.

Xoves, 23 de Novembro / Presenta: VERÓNICA GONZÁLEZ MARTÍNEZ

El lápiz del carpintero

Ano 2003 / Duración: 109 min / Director: Antón Reixa / Reparto: Tristán Ulloa, María Adánez, Luis Tosar, Manuel Manquiña, Nancho Novo, Anne Igartiburu, Sergio Pazos, María Pujalte, Carlos Sobera, Carlos Blanco / Xénero: Drama / Sinopse: Herbal sempre leva un lapis de carpinteiro que lle acompaña dende o ano en que España partiuse en dous.





Tódolos primeiros
Martes de cada mes

CLUB DE LECTURA



3 de outubro · 7 de novembro · 5 de decembro
ás 19,30 horas.
Encontros coa LECTURA, baixo a coordinación de
ÁNXELES SEOANE
Xúntanse 20 socios e socias tódolos primeiros martes de cada mes para reflexionar e comentar un libro.

Todos os **MÉRCORES**

TERTULIA ás 18 horas.

Todos os últimos **XOVES** de cada mes

AMICOR ás 20 horas.

23 Outubro ás 19,30 horas

CHARLA - DEBATE: **INTERMON**

30 Outubro ás 19,30 horas

Presentación libro de:
NATALIA CORBILLÓN (Escritora novel).

Días **4**, **6** e **10** de **Novembro**

CHARLAS ORGANIZADAS POLA SGHN
CAMBIO CLIMÁTICO

8 Novembro ás 19 horas

CHARLA SOBRE **A REPÚBLICA**
(FUNDACIÓN FEDERICO ENGELS)

24 Novembro ás 19,30 horas

CONFERENCIA: **NANINA SANTOS**
(Máis información na seccion «Muller», nesta mesma revista)

Venres día **3 de Novembro** ás 20 horas

CHARLA-DEBATE: **A ESCOLA FUSILADA**
(Organiza: NOVA ESCOLA GALEGA)

EXPOSICIÓNS:

Do 2 ao 13 de outubro (1ª planta):
Fotografías de
FEDERICO FERNÁNDEZ ACKERMAN

Do 6 ao 18 de outubro (2ª planta):
ÓLEOS de
EVARISTO LÓPEZ CALVAR

Do 3 ao 15 de novembro:
PINTURAS de
PALOMA JAÉN

Do 17 ao 30 de novembro:
EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA

OUTUBRO-NOVEMBRO-DECEMBRO (1ª PLANTA):
EXPOSICIÓN PERMANENTE FONDOS PROPIOS
VARIOS ARTISTAS:
Segura Torrella, Carmen Chacón, Manuel Patiña, González Collado, Jorge Llorca, Garaizábal, Morquecho, Laxeiro, Correa Corredoira, Juana Prieto, Juan Galdo, Mª Manuela, Carlos Villaamil, Xan Xosé Braxe, José Leyra Domínguez, Tomás Barros, Ricardo Pena, Luis Jaime entre outros moitos.

III EXPOSICIÓN COLECTIVA DE OBRAS DE PEQUENO FORMATO

Estimados Socios/as – Pintores:

Énos grato informalos que do 15 de Decembro de 2006 ao 10 de Xaneiro de 2007, imos celebrar, nas salas do Ateneo, a III EXPOSICIÓN DE PEQUENO FORMATO, só para socios e socias do Ateneo Ferrolán, na que podes participar con 1 ou 2 obras.

Para iso, debes enviar as obras antes do 30 de novembro, acompañadas dunha plica onde se sinale o nome do autor, enderezo, título da obra, así como o seu prezo si é que a desexas poñer á venda, a medida máxima da obra será de 55 x 50 cm. incluíndo o marco.

O expositor que venda a súa obra ABOARÁ ó Ateneo unha comisión do 10%. Os gastos que orixine a exposición como catálogo, copa de viño da inauguración,... correrá a cargo do Ateneo Ferrolán, excepto transportes e seguros.

As obras non adquiridas, deberán ser retiradas no prazo máximo dun mes, logo da clausura da exposición.

Esperando a túa participación, recibe un cordial saúdo,

VOCALÍA DE ARTES PLÁSTICAS
ATENEO FERROLÁN



16° CONCURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN"

FINALISTAS

1. Pablo Devigo Vázquez (Castrocaldelas, Ourense)
2. Laura Burgué Fernández (Hospitalet de Llobregat, Barcelona)
3. Vicente Carlos González Siri (Rincón de la Bolsa, Uruguai)
4. Agustín Sánchez Iglesias (A Coruña)
5. Raúl Lacilla Crespo (Barcelona)
6. Bruno Villamor Gay (Lugo)
7. Daniel Lumbreras Rodríguez (Donosti, Guipúzcoa)
8. Oscar Miranda Lodeiro (Arteixo, A Coruña)
9. José Manuel Mojón Pérez (Ourense)
10. Daniel Bellón García (Barallobre, Fene, A Coruña)
11. Anáisy Gómez Fernández

FINAL no TEATRO JOFRE de FERROL

En Ferrol a 31 de agosto de 2006, no Teatro JOFRE de Ferrol, o XURADO cualificador do 16° Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón", integrado por: Víctor Fernández Gabeiras, Xabier Rodríguez Fariñas, Pablo López Torneiro, Xoán Rodríguez Silvar, Xesús Vaamonde Manteiga e actuando como secretaria sen voto, Cristina Meizoso Alonso, unha vez escoitadas e valoradas a totalidade das pezas presentadas a esta final do Concurso, así como a interpretación de tódolos gaiteiros finalistas,

Acordan outorgar dous accésit de 600 euros cada un a:

PABLO DEVIGO VÁZQUEZ

BRUNO VILLAMOR GAY

Así mesmo, ACORDA por unanimidade, concederlle o PREMIO ÚNICO de 1.800 euros deste 16° Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón" a:

DANIEL BELLÓN GARCÍA

*O Ateneo Ferrolán acorda concede-las **Mencións de Gaita "Constantino Bellón"** correspondentes ao ano 2006*

1) Gaita de Prata

*O Ateneo Ferrolán quere render un recoñecemento, concedendo a **Gaita de Prata "Constantino Bellón 2006"**, ao grupo*

MILLADOIRO

polo seu papel na divulgación e no ensino da música tradicional galega.

2) Gaita de Ouro

*O Ateneo Ferrolán acorda concede-la **Gaita de Ouro "Constantino Bellón 2006"**, a persoa de*

ALVARO SEIVANE MASIDE

como artesán e pola continuidade familiar a prol da música tradicional galega.

Así mesmo, ACORDAN condede-la GAITA DE PRATA a título póstumo e de maneira especial, a

MANUEL GARCÍA PEREIRA, *LOLETE,*

como recoñecemento a súa valía profesional e humana.

ACORDOU, entrega-lo PREMIO de Composición para Gaita Galega Solista a:

ERNESTO CAMPOS CAMESELLA

pola partitura para Gaita e Piano "AMENCER EN FISTERRA"





CONSTANTINO BELLÓN, GAITEIRO DE FERROLTERRA

(*1 Publicado en Anuario da Gaita nº 199)

por Xoán Rodriguez Silvar
Grupo Raparigos

Lago, Valdoviño. Nesta parroquia de Ferrolterra nace en 1896 Constantino Bellón, fillo de gaiteiro, sobriño de artesán constructor de gaitas. Poucos anos máis tarde percorrería estas terras acompañando co redobrante ao seu pai comezando, como tantos outros gaiteiros tradicionais, unha aprendizaxe familiar.

Aos dezaoito anos vai facer o Servizo Militar á cidade de Ferrol, ingresando na banda de música como saxofonista. Aló e onde recibe a súa primeira formación musical formal. Anos máis tarde, ao rematar o servizo militar, ingresa na Empresa Nacional Bazán. Nela organiza a *Banda de Gaitas*, que se xunta á de *Corneta e Tambores*, anterior a ela. Ambas bandas nútrense dos aprendices da empresa, que daquela auspicia actividades musicais, coma a citada e a *Coral Polifónica da Bazán* dirixida polo Padre Fanego.

Bellón está vencellado á música desde dentro de Bazán, onde chega a dirixila Banda de Música da Empresa, participando tamén na formación da *Orquestra Copacabana*. Daquela colabora tamén como saxofonista en varias outras orquestas da bisbarra ferrolá.

Pero a gaita chama polo saxofonista, director de banda e instructor de moitos gaiteiros, dentro e fóra de Bazán, e a finais dos anos cincuenta preséntase co seudónimo de *O CADAVAL* ao concurso «*Camino de la Fama"* que se celebraba no Teatro Renacimiento de Ferrol. Acompañabao ao piano o mestre Malde e a obra era *Follas Novas* de Brage, arranxada por Bellón para piano e gaita en Do. Á novidade da combinación sumouse a unha interpretación impecable, que entusiasmou ó público, conseguindo o Primeiro Premio do concurso.

Nos anos sesenta Bellón desenvolve unha gran actividade gaiteiril, que relega ás colaboracións coas orquestras: organiza o cuarteto de gaitas *FOLLAS NOVAS*, que levará a música de gaita polas romaxes de ferrolterra durante máis dunha década. Manuel Prieto, Vergara, Xan de Santamarina, Coira, Barranco, Mario e Cebral son moitos dos nomes que o acompañaron no cuarteto. Participa tamén como gaiteiro no Grupo de Danzas de Ferrol da Sección Femenina en actuacións por Galicia, España Francia e Portugal.

Colabora tamén durante máis de seis anos co Real Coro Toxos e Froles, como gaiteiro e corista,. "O coro», como é coñecido en Ferrol, que fora fundado por Manuel Lorenzo, ostenta a honra de selo Decano corais galegas. Entre 1960 e 1966 participa en numerosas actuacións da institución.

A finais dos anos sesenta Bellón intensifica o seu traballo como profesor de gaita para os moitos alumnos que, co rexurdir dos instrumentos tradicionais, reclamábanlle desde a bisbarra os seus servizos.

Carlos Cabrera, Pepe Varela, Jacinto Hernández, Xan Silvar, Daniel Bañobre, Xabier Rodríguez Fariñas, Arcadio Lavega, e moitos outros gaiteiros pasaron poas súas mans. A sobriedade e rigor interpretativos e un bo fato de pezas tradicionais foron os sinais de identidade dos seus alumnos.

Varios grupos naceron de entre aqueles gaiteiros novos. Algúns continuaron levando varios anos o nome de *Follas Novas*, outros como *Raparigos* e *Xente Nova* formaron outros cuartetos, a máis tradicional das formacións de entón, á busca dun estilo común. Moitas romarías de parroquia saben do facer destes grupos, que as simultanearon cos *Concursos de Gaitas do País*, que rexurdiron a finais dos sesenta como escaparate –único, coas festas parroquiais– da música de gaita en Galicia.

Tamén as bandas de gaitas se potencian grazas ao labor de Bellón. Especialmente unha delas, a dos Exploradores do Grupo 19 (Ferrol) é a primeira banda de Galicia integrada unicamente por gaitas e tambores. Nela inciáronse moitos coñecidos gaiteros da bisbarra.

Por estes anos o "Señor Bellón", como era coñecido popularmente, colabora co grupo de danzas *TERRA MEIGA*, de Ferrol. Son os últimos anos gaiteirís dun home xa con moitos anos e dificultades de visión enriba, pero con azos dabondo para botar horas de ensaio cos seus alumnos ou patear as corredoiras de verán. Aos 76 anos Bellón que enviuvara moitos anos antes, contrae matrimonio de novo e segue a vivir no mundo da gaita apoiando o traballo dos seus alumnos. Para todos eles Bellón é un arquivo vivente e un referente seguro nas súas sempre preparadas consellas.

Para Bellón os éxitos dos seus alumnos (unha boa actuación, o premio dun concurso, ...) eran tamén os seus éxitos.

En 1980 chega o punto final para o neno de Lago, Valdoviño. Dous días máis tarde do seu pasamento, os gaiteiros de Galicia rinden homaxe a Avelino Cachafeiro, o *Gaiteiro de Soutelo de Montes*. Separados polo tempo e a xeografía ámbolos dous son exemplo de raigame e rigor interpretativo.

Pasado algún tempo, tamén Bellón recibe o reconeñecemento dos gaiteiros de Galicia, nas Semanas da Gaita de Ferrol e Pontevedra e co nacemento do *Concurso de Interpretación para Gaita Solista de Ferrol*, que os organizadores non dubidan en adicarllo a Constantino Bellón, o *gaiteiro de Ferrolterra*.



16º CONCURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN"

COMPOÑER PARA GAITA

Discurso de Ernesto Campos ofrecido no Teatro Jofre de Ferrol, co gallo da entrega do premio de composición para gaita galega. Agosto de 2006

Dicía o noso bardo, Eduardo Pondal: "os tempos son chegados", e quero facerme a ilusión de que así é. Proba diso é que estamos aquí, neste fermoso e restaurado teatro, celebrando un dos acontecementos máis senlleiros no eido da gaita contemporánea.

Cando digo "os tempos son chegados" lémbrome das conversas que tiven, anos atrás, con gaiteiros maiores, testemuñas directas do desprezo que sentía unha parte da sociede cara a eles. Por fortuna para todos, este sentimento de hai anos estase a trocar en admiración e respecto, e cada vez sentimos que vai a máis. Creo sinceramente que entre todos, os nosos devanceiros e nós mesmos, gañámolo a pulso. Agardemos que as xeracións vindeiras continúen por este camiño.

E se falaba do desprezo polos gaiteiros de antano... ¿que podemos dicir dos pioneiros que empezaron, na segunda metade do século XX, a compoñer música para este instrumento? Foron, sinxelamente, ignorados.

Cando falo de autores de música para gaita, non podo deixar de nomear a Don Henrique Otero, que afortunadamente segue en activo, cun catálogo de obras para o noso instrumento que superaba xa o número de 250, cando o visitei, hai anos. Obviamente deixo no tinteiro moitos nomes, pero Henrique é o primeiro autor para gaita que coñecín en persoa. Lembro que tiña os seus trucos e técnicas para compoñer. A xeito de anécdota, comentábame que "o importante para facer unha peza é que hai que facer percorrer todo o punteiro, de arriba a abaixo, se non, non vale".

Outro dos pioneiros que espertaron a miña curiosidade, e agardo que a historia da gaita o ubique no lugar que se merece, é o compositor de Cedeira, Roxelio de Leonardo Bouza. Dende o meu punto de vista, este home creou un antes e un despois na historia da composición para gaita galega. Harmonías novidosas, ata certo punto revolucionarias sen renunciar á galeguidade universal fan da súa música un obxecto de análise e estudo que debería ser de obrigada atención para todos os que nos adicamos a esta tarefa.

Creo, sen medo a trabucarme, que foi o primeiro que utilizou conxuntamente gaitas en distintas afinacións (esas mal chamadas gaitas en "tonalidades") con notable éxito. Claro que para conseguir resultados sonoros tivo que incordiar –e non pouco– ó artesán Antón Corral, que, como sabemos, xunto coa familia Seivane son os dous cumios actuais da arte –resístome a chamar artesanía a este oficio– de construír gaitas galegas.

Este tándem, Corral-Bouza, marca un punto de inflexión na historia da composición para o noso benquerido instrumento... posiblemente de non existiren un dos dous, perderiamos unha sección importante da nosa historia, aínda que, obviamente, son conxecturas.

Pero se algo temos que aprender destes mestres é a facer cousas novas respectando a tradición. Queda claro que a gaita pode facer música non tradicional, ¿por que non? Sempre que definamos correctamente o noso traballo e non despistemos á opinión pública. Sobre todo nestes tempos tan revoltos para o noso instrumento, nos que certos *iluminados* pretenden instaurar un sucedáneo de gaita inventada, que –como podería dicir Julio Cortázar– "insulta á gaita escocesa coa sua paralela e torpe semellanza."

A nosa humilde gaita galega, a de sempre, pode (e debe) navegar por todos os mares da música, acompañada do resto dos instrumentos, sempre que sexa fiel á súa idiosincrasia como instrumento que representa á cultura e ó pobo galegos.

Lonxe queda para min, por sorte, unha interpretación da miña primeira obra para gaita e piano, (e creo que a primeira en misturar estes dous instrumentos) aló polo ano 86, na que puiden escoitar a unha parte do auditorio proferir sons burlescos, coma se o piano fose "degradado", ó ter que facer acompañamento a unha gaita galega. Aló ficou, afortunadamente, ese xesto despectivo.

E por este motivo... e outros que non analizo por razóns de tempo, quero volver repetir a Pondal:

Os tempos son chegados de considerar a gaita coma un instrumento de seu.

Os tempos son chegados de que unha morea de novos intérpretes e compositores traballen en prol da nosa cultura.

E *os tempos son chegados* de que persoas coma Víctor Gabeiras e todos os amigos que integran o Ateneo Ferrolán, sigan puxando, as veces contra vento e marea para seguir mantendo vivos este tipo de certames, que contribúen a que nós, autores, intérpretes... resumindo: traballadores da gaita e a música, manteñamos a testa no traballo, os ollos no horizonte e o corazón na terra.

Remato cunha frase do meu amigo e gaiteiro Xosé Manoel Oliveira, refíndose a abrir novos camiños sen perder a nosa identidade. Xosé pon coma exemplo unha árbore, e afirma que "canto máis chantadas na terra están as raíces... mais preto do ceo subirán as follas".

Así que, xa sabemos... busquemos o infindo, pero sempre coas raíces solidamente aferradas á terra.

Moitas grazas.

16º CONCURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN"



David contra David

Por Beatriz Picos

Hace tiempo que el certamen de solistas de gaita y de composición Constantino Bellón alcanzó renombre entre los gaiteros y reconocimiento entre los compositores por su aportación al patrimonio cultural gallego.

Retrinco: Ben ou, xa será menos, hai outros concursos... Operación Triunfo, sen ir máis lonxe, e o dan pola tele.

Esta edición, la XVI, será recordada no sólo porque Daniel Bellón batió dos records del palmarés: figurar por tercera vez y haberlo conseguido dos veces consecutivas, sino también por el concierto de la jornada previa a San Ramón.

Retrinco: Claro, chamándose Bellón xa terá algo gañado co Constantino. O peor de todo e que con esto da gaita perdo os fogos de Amboaxe. Xa non hai formalidade, de sempre foron as doce e agora os adiantan por se lle chegan resesos ó santo. Gardei un foguetiño de antes da prohibición de queimas da Xunta e axudounos moito a deixala butaca a fume de ... carozo. Adiantamos polo aire ó concelleiro de Cultura e soubemos, polo vento, onde estaba o lucerío na noite pechada e brumosa. E por culpa da gaita, fomos dos poucos que cambiaron o teatro pola pólvora. O resto do público seguiu coa sua festa. Xente da farándula, digo, que non respcetan as tradicións.

Por vez primera una entidad cultural promociona a solistas y autores y sirve de vehículo para demostrar al publico que la gaita, nuestra gaitiña, está a la altura de cualquier otro instrumento solista de prestigio, por ejemplo acompañada de piano o de orquesta de cuerda reducida a quinteto.

Retrinco: Se fosen Woody Allen que enche os pubs e onde se poña con o clarinete, pero a gaita é para as cousas folclóricas ei, que en toda a miña vida vin cousa a la manera. Agora falarán de facer jazz ou blues coa gaitiña. E que non sei onde imos parar. Non me estraña que os bancos, as alimentarias, ous as administracións non queiran poñer esas bonitas bandeiras nesta gaiteirada.

No se puede esperar otra cosa de un jurado por el que han pasado musicólogos de mentes abiertas y que aporta pruebas claras de la exquisitez del certamen y de la evolución de los intérpretes. Suso Vamonde, Pablo López Torneiro, Javier Rodríguez Fariñas y el inefable Juan Rodríguez Silvar; entre ellos hay ganadores del Bellón y compositores de obras elegidas por los solistas para interpretar en el escenario, han sido miembros este año del quinteto decisorio, que preside Víctor Gabeiras y que acompaña Cristina Meizoso, haciendo las veces de secretaria, sin voto.

Retrinco: Eso de pasar de concursante a xurado terá truco. Así queda todo na casa. Desta vez non lle vimos o pelo, porque non ten, a Gabeiras, pero polo menos deu a cara –e o resto do corpo– no escenario, xa ó final, cando me ia. Tamén vin a secretaria e non entendín eso de sen voz, o de sen voto si. Digo o da voz porque cando falou despertou a miña muller, que levaba roncando co son da gaita un bo anaco. Foi mágoa, a pobre tiña o sono de tres días, por un andazo, e o concerto foi unha bendición para ela.

Eu levaba preparados uns tomates dos de salsa. Son bos, que son da casa, pero Maruxa me enche deles fritidos e non perdo ocasión de desfacerme dos que poida, que me dan acidez.

Un lujazo, por cierto, el escenario del rehabilitado teatro Jofre, aportación del Concello de Ferrol al certamen internacional que organiza el Ateneo Ferrolán. Eliseo Zaera, presidente de la entidad entregó los reconocimientos a la divulgación de la música tradicional, gaita de plata que recayó en Milladoiro, y a la fabricación artesana, gaita de oro que impuso a Álvaro Seivane, miembro de una reconocida familia de luthiers e intérpretes de éxito.



Dous momentos da entrega de premios do 16º Concurso de gaita Galega «Constantino Bellón «.



Retrinco: Ese non é o pai de Susana Seivane. Os de Milladoiro non os vin. Foi un deles ó concerto do día anterior para desculparse porque ían comer lagostinos e tocar un pouco en terras andaluzas e olé. Non me quedou claro como van mandarlles o pin e se teñen que repartilo –un cada día– ou hai gaitas para todos. O presidente non o dixo. Só lle entendín que todos os gaiteiros gañaran. Claro, alí non se deron cartos, pero todos levaron unha peza de cerámica e un diploma .Un tipo elegante Zaera. Gustoume o traxe. E é difícil que un traxe quede ben nese teatro que reformaron tan mal, como critica un amigo que non sei se entende deso, pero o di moi convencido. Si, un tipo elegante que non sei como permite que o teatro estea aberto para todos, sen invitacións persoais, e claro... canta máis xente, máis queda que limpar.

Al otro lado del evento están los participantes, algunos ya veteranos, pese a su juventud. Compañerismo, camaradería, amistad, e incluso un matrimonio. El Bellón es un experimento social que enlaza gran hermano con operación triunfo, sin necesidad de cámaras. Claro que parte de los solistas son intérpretes gallegos con más o menos éxito, pero esta plataforma sirve para unirlos a los de otros países y autonomías nacionalidades de alma gallega Gaiteiro de Soutelo. Y allí aprendimos todos.

Retrinco: Non sei o que aprenderías tí. Eu que a gaita relaxa a Maruxa. Case chorei coa historia da parelliña.Cuba-A Coruña. Tal parecía un programa da Gemio, pero sen carta para ti e sen parentese. Vaia preguntas rosa da presentadora. ¿De onde a sacaiian? E despois din que o espectáculo é internacional. Pois que traian a Paula Vázquez, que é de Ferrol, loira, alta e ten bikinis.

El hábitat de la gaita, estoy segura, es mucho mejor que el del fútbol. Los integrantes no se enseñan el culo, no se lesionan entre si, sino que se ayudan, sufren nervios propios y ajenos. Saben quien afina en re o en si y sudan tanto como Bruno y su monteira cuando se paró el roncón empezando una pieza. La pandilla come entre risas, procuran no molestarse para afinar, y no están solos en el escenario. Tras las cortinas, en el lateral, los compañeros que ya han actuado o los que esperan hacerlo, miran, comentan y apoyan.

Retrinco: Menos lobos carapuchiña. Seguro que se metían a cambadela por detrás.Van ser uns anxos eses mozos. Non ves que van de escenario en escenario. De sempre os gaiteiros roubaron o corazón as rapazas e, ademais, os músicos, en xeral non son serios. Mira o Mick Jagger.

Delante del escenario, el público no se ve, se intuye, y también el jurado. Parientes, amigos, aficionados, entendidos y autoridades esperan.

Retrinco: Autoridades, o que se di autoridades houbo poucas. Beckham non estaba, os xefes da Xunta ou da Deputación tampouco. Eso si, estivemos moi a gusto, sen charletas políticas. Ben algo de política si falamos, que estaba o de Fene, Rivera Arnoso. Que si se presenta a alcalde de novo decíamos mentras limpiaba a baba polo seu paisano. Ves, agora lamento non terlle preguntado que é mais fácil, asfaltar un camiño en Barallobre ou adicar unha rúa ó Dani.

El Ateneo ha superado muchos retos con el Bellón, una criatura que mima y para la que trabaja todo el año Víctor Gabeiras, pero aún le quedan más. El reconocimiento alcanzado es motivo, al menos, de nervios. A veces uno compite contra si mismo, parafraseando a Bellón, Daniel. ¿Podrá el Ateneo repetir la doble jornada el año que viene? ¿Ampliará los reconocimientos a otros sectores privados que también apoyan la Cultura propia y fomentan su expansión y conocimiento? ¿Se editarán las partituras interpretadas por los solistas o las que concurren al certamen de composición?. ¿Conseguirá el apoyo económico que merece? ¿Paga la Xunta a la Sociedad de Autores por la edición del CD de la final? ¿Interrogantes o retos?

Retrinco: Dous días está ben. Máis non, que é moita gaita de Deus. Eu pensaba que os retos eran outra cousa, como encher o teatro ou conseguir que os CD se vendan tanto como os de Bisbal. Entón si que entendería o da Sociedade de Autores. Pero se esa xente vén a Ferrol para esto, debe ter sona o Bellón. Por certo, vostedes dirán qué fixen cos tomates. Pois non me atrevín a tiralos, non me parecía xusto. Maruxa conseguiu durmir, eu rinme un anaco coa cara dos veciños polos ronquidos e non me importou chegar tarde ós fogos. Os tomates serviron de refrixerante para as partes nobres, que aínda me escocen un pouco. Ata a próxima.

O ESCUDO DE FERROL DA ILUSTRACIÓN TIRADO NO CHAN

UNHA NOVA BARBARIDADE CULTURAL

por Juan J. Burgoa

A MODO DE XUSTIFICACIÓN.

No próximo número da revista Ferrol Análisis o especialista en Heráldica Carlos de Aracil e a persoa que esto escribe presentan un traballo conxunto verbo da historia da creación do escudo de Ferrol da Ilustración e a súa evolución ata os tempos actuais, facendo un percorrido por unha serie de ata cincuenta diferentes representacións do brasón ferrolán, tanto en monumentos, placas municipais e obras públicas como nas diferentes reproducións similares en documentos de diversas épocas. No momento de redactar aquel traballo, eu non coñecía a situación da antiga pedra de armas que coroaba a entrada da Casa Consistorial de Ferrol da Ilustración, pero non tardei en saber onde se atopaba o devandito escudo de pedra. Por mor diso, decidinme a escribir as seguintes liñas.

O ESCUDO DE FERROL DA ILUSTRACIÓN.

Segundo escribiu no ano 1859 o historiador ferrolán Montero Aróstegui na súa *Historia y descripción de la ciudad y Departamento Naval del Ferrol,* o concello da entón vila ferrolá, presidido polo Alcalde Maior Pedro Bayón Ruiz, durante a sesión municipal que se celebrou o día 22 de xuño de 1778 acordou "que se abriese el timbre heráldico de la villa, declarando que el escudo de sus armas consistía en una torre con su farol, cañones, baterías y anclas".

Poucos anos máis tarde, durante o corto e fructífero mandato do Alcalde Maior Eugenio Álvarez Caballero, leváronse a cabo as tallas en pedra das primeiras representacións que se coñecen e que aínda se conservan do escudo de armas de Ferrol: os situados na fonte de San Roque (ano 1784), na fonte-obelisco da Fama (ano 1786) e o que estivo colocado na antiga Casa Consistorial da cidade situada no Paseo das Delicias, hoxe Cantón de Molíns (ano 1787), non amosando ningún deles como timbre a coroa marquesal, que se engadiría de xeito inadecuado ao escudo de Ferrol a principios do século XIX.


A pedra armeira que presidiu a entrada do devandito edificio que foi sede do Concello ferrolán ata o ano 1953, estivo colocada no seu frontis ata o derrubo do edificio no ano 1970. Coa súa tradicional forma ovalada aparece totalmente arrodeada por unha coroa ou grilanda vexetal, sendo dunha feitura similar ao escudo da fonte de San Roque. Mais de xeito diferente a este último escudo e o coetáneo da fonte da Fama, no citado brasón do Concello aparecen por vez primeira nas armas de Ferrol dúas bandeiras cos seus respectivos mastros a ambos lados da torre pero sen poder precisar de qué bandeiras, pendóns ou estandartes se trata, en especial por non poder distinguirse os seus esmaltes e cores.

Este escudo de armas, no senso contrario aos outros dous anteditos brasóns, amosa tamén a particularidade de que as bocas das pezas artilleiras están dirixidas cara ao ceo e as áncoras teñen os seus

«A pedra armeira que presidiu a entrada do devandito edificio que foi sede do Concello ferrolán ata o ano 1953, estivo colocada no seu frontis ata o derrubo do edificio no ano 1970».



O escudo de Ferrol en setembro de 2006





Antiga Casa do Concello de Ferrol

«No momento de redactar estas liñas (setembro de 2006), o primeiro e único escudo municipal de Ferrol da Ilustración atópase desleixadamente abandonado á intemperie, no chan da parte posterior do Centro Cultural Municipal».

brazos cara á parte inferior, norma esta que logo vai ser a habitual nas posteriores representacións do escudo de Ferrol. En todo caso, nos tres escudos de pedra aquí comentados, a torre componse sempre de dous corpos cunha porta colocada na súa parte baixa, variando lixeiramente o número de ameas de remate de ambos corpos e a situación das ventás. O farol ou lanterna, amplo e ben visible nos tres casos, aparece sempre colocado sobre unha pértega.

O citado escudo ata hai poucos anos atopábase axeitadamente colocado, xunto con outra xoia patrimonial, a escultura medieval do Cristo da Tahona, exposto á vista pública dentro do patio central cuberto do Centro Cultural Municipal. No momento de redactar estas liñas (setembro de 2006), o primeiro e único escudo municipal de Ferrol da Ilustración atópase desleixadamente abandonado á intemperie, no chan da parte posterior do devandito Centro, xunto con outras pezas de interese. Pódese ver colocado sobre unha tarima de madeira co seu labrado anverso cara ao ceo, sometido aos rigores do tempo atmosférico e co perigo engadido de ser danado polas obras alí realizadas ou incluso espoliado. Aínda que meses atrás algunhas poucas voces xa denunciaron esta nova mostra da desidia municipal, seguimos a ver esta aberración nos nosos paseos polo lugar.

Mentres tanto o iluminado concelleiro de Turismo, presuntamente encargado de levar a bo porto a xestión da petición de Patrimonio da Humanidade para a importante pegada ilustrada que o século XVIII deixou na nosa cidade, segue a contar "milongas" sobre as excelencias do xeito como se está a levar este proceso. ¿Que credibilidade pode ter ante o cidadán este personaxe cando o senlleiro e máis característico símbolo representativo da cidade daquela época sofre tal desleixo e abandono dentro dun Centro oficial municipal?

Esta falcatruada únese a outras fazañas na área do Patrimonio Cultural levadas a cabo polos actuais e pouco capacitados responsables municipais que debían xestionar os temas culturais na nosa cidade: a creación do primeiro Museo de quita e pon que eu coñezo na miña longa andaina pola vida, a pobre e vergoñenta rehabilitación sufrida pola fonte de San Roque, a desfeita que ameaza á praza da Ilustración no canto do que debería ser un exemplo de homenaxe ao noso pasado ilustrado, a política de subvencións a entidades foráneas (o escandaloso caso da Fundación Casares) en detrimento das asociacións culturais da urbe e, como non, as esculturas públicas adxudicadas a uns autores que pertencen a certa sociedade presuntamente artística sen domicilio coñecido, son tan só algúns rechamantes exemplos do mal facer dos políticos dun determinado grupo municipal de Ferrol.

E como guinda de remate, cómpre falar da prevista agresión ao Cristo da Tahona, aberrante proxecto que foi denunciado hai varios meses por unha carta da persoa que subscribe ao inoperante Director Xeral do Patrimonio da Xunta de Galicia, persoa digna de admiración e de pena polo ocupado e embebido que se atopa no seu intenso e exemplar traballo a prol do patrimonio, de xeito tal que non ten tempo para a boa práctica de contestar as cartas dos cidadáns –que ao fin e á postre pagan o seu traballo cos seus impostos– dando a calada por resposta. Non obstante, sobre este tema do Cristo da Tahona, desgraciadamente, teremos que escribir a fondo novamente nesta ou noutras tribunas.

O humanismo hoxe: as dúas Culturas

por Arantxa Serantes *

1. As dúas culturas

O senso das palabras que seguirán é intentar reflexionar sobre a situación das humanidades con respecto aos cambios producidos pola ciencia nos últimos tempos e en segundo termo, tratarei de expoñer a idea de qué é o humanismo e cáles son os seus obxectivos sobre todo dende que C.P Snow falou da separación das "dúas culturas": a humanística e a científica[1]. Para todos aqueles que nos movemos no mundo humanístico, gústanos pensar que perdimos unha especie de competición mítica, onde os humanístas son depositarios dos valores da cultura e celosos guadiáns da tradición.

Fálase do ascenso imparable da ciencia fronte a decadencia das humanidades. A min gústame pensar o contrario. O resto do mundo é o que está en decadencia mentres nós temos o refuxio poderoso da palabra. Ante esta situación é preciso dicir que non existen "dúas culturas". Pois non hai cultura ningunha que se desprenda da ciencia e que ignore o coñecemento científico.

Se estivesemos a seguir o principio exposto, o humanismo miraría cara ó pasado, ocuparíase de manter vivo o legado doutros tempos, mentres que a ciencia aumentaría o coñecemento adentrándose no presente e mirando cara ó futuro. O pasado sería coma un lastre ou algo afastado que debería ser superado pola dinámica do progreso do coñecemento. Mais iso sería un erro.

As humanidades tratan de estudar ó ser humano dende múltiples dimensións, porque os homes e mulleres deste mundo son os que xeran ese coñecemento e tamén son os destinatarios finais do mesmo. Se fixesemos un pequeno percorrido pola historia, todas as disciplinas se sentiron na obrigación de delimitar o seu campo de estudo, mais as fronteiras entre as distintas áreas de coñecemento son máis difusas do que podería pensarse. A nosa teima de forzar as diferenzas e olvidar as semellanzas, ten moito que ver niso.

A ciencia do século XIX deixounos, en grande medida, un pensamento que se adentraba na complexidade e que precisaba daquelo que o pensamento racionalista e positivista abominaba: a imaxinación.


Neste senso, a obxectividade, que postulaba a capacidade de observar o mundo dende fóra, desvanecíase e o observador pasaba a ser un elemento indisoluble do observado. O ser humano non podía prescindir da súa propia presenza en cada feito observado, en cada descrición ou fórmula. Todo pasaba a ser humano, non *demasiado* humano, senón *necesariamente* humano.

Hoxe, debátense os límites do coñecemento e os límites da ciencia. Xa non se cre na posibilidade de coñecelo todo. Especialmente, se nos é posible coñecer, como especie, posto que podería haber niveis que nos estarían vedados como seres humanos. No fondo, todas as crises ás que tivemos que poñer o nome nos últimos cen anos: a crise da metafísica, da razón, da historia... non son máis que o resultado dunha crise moito maior: a crise do suxeito enfrontado ó mundo e a si mesmo. Mundo e suxeito entraron en crise conxuntamente, como non podía ser doutra maneira.[2]

2. Necesidade dun novo humanismo.

Os novos cambios que se están a producir precisan tamén dun cambio no concepto de humanismo e no papel dos que traballan neste campo. É fundamental dotar de sentido este termo, que sepamos qué compromiso adquirimos ó empregalo e en última instancia cál debe ser o noso obxectivo. Non quero entender o humanismo como unha invención ou recreación cultural do pasado senón coma unha apertura a

«A ciencia do século XIX deixounos, en grande medida, un pensamento que se adentraba na complexidade e que precisaba daquelo que o pensamento racionalista e positivista abominaba: a imaxinación».



novas situacións, a novos espazos que se abren ante os homes. Non é só un compromiso cos tempos antigos, tamén debe selo co seu propio tempo. Prefiro consideralo máis coma un ímpetu que coma un depósito. É unha enerxía vital máis que un cúmulo de coñecementos eruditos.[3]

Por exemplo, se o momento histórico que concebimos como o Renacemento se limitase a sacar á luz o pasado afastado, produciríase un estancamento no progreso e o que sucedeu foi xusto o contrario, unha explosión das artes e das ciencias, unha apertura xeral ó coñecemento. O Renacemento, foi ante todo o nacemento da inquietude. Esta só xorde cando se descobre que o mundo está cheo de interrogantes. De aí, que o novo humanismo debe encontrar as súas propias respostas e non ter a vocación de museo ou de tesouro, todo o contrario. É preciso amosar que todas esas pezas do *puzzle* son capaces de ofrecer algo novo ós seres que as contemplan.[4]

«Existen novos desafíos que deseñan as inquedanzas do home contemporáneo».

A sucesiva fragmentación dos saberes é a causante da mal denominada *crise das humanidades*. Pois os coñecementos parciais non poden producir máis que interiorizacións incompletas ou ideas fragmentarias, mais o humanismo pode traballar con unidades superiores ó ser individual aínda que o noso fin sexa a persoa. O coñecemento individualizado ou especializado limítanos a non poder responder a preguntas que son sempre globais.

O proxecto humanista, reséntese no intre no que renuncia á ntegridade da formación e á totalidade como obxectivo. Aínda que tampouco hai que ser inxenuos. Temos o exemplo literario de *Fausto* que chegando ó final da súa vida, apenas chegara a arañar a superficie do saber. Aínda que o máis importante é o reto que supón levar a cabo a idea de dar novas respostas, ante unha sociedade que está a renunciar á comprensión porque carecen de preguntas e as preguntas son os fites do camiño. A literatura, por exemplo, non só ten a función básica de entreter senón deixar rexistro de preguntas e respostas vitais.[5]

3. Conclusión

A modo de conclusión, podería dicir que existen novos desafíos que deseñan as inquedanzas do home contemporáneo. Desafíos que se converten en inescusables para a tradición humanística nos que se encontran os asuntos derivados do desenvolvemento tecnolóxico e do novo ritmo que experimenta a historia a mercede do mesmo. Desde as cuestións de xenética ata do medio ambiente, cabe preguntarse se as humanidades poderían representar na actualidade algún papel relevante á hora de analizar estas situacións tan importantes para a pervivencia do noso mundo. A miña resposta é un si, do que non se derivan dúbidas precisamente pola trascendencia do que a condición humana se está a xogar.[6] 

Notas

* Licenciada en Humanidades e DEA en Historia Antiga pola Universidade de A Coruña e escritora.

[1] Esta definición pode atoparse ao longo do libro: SNOW, C.P., *The two cultures and a second look*, Cambridge, 1983. É de destacar que o autor sexa físico e novelista británico e que él mesmo dixera que hai unha falta de interés e aprecio entre os estudiosos dos dous campos cando él mesmo é un exemplo da proposta contraria. Tamén e moi interesante o artigo de: NIINILUOTO, I., "The third culture: six interpretations" en VILKKO, R. ET ALT. (eds), *Philosophical studies in honorem Leila Haaparanta*, Tampere University Press, Tampere, 2004, pp. 277-284. (Son moi significativas as páxinas que van dende a 280 ata a 283, node se propón o nacemento dunha terceira cultura).

[2] Como dí o prof. Morón Arroyo: "Lonxe de ser a ciencia e a técnica alleas ao mundo dos valores, son os únicos campos en que se distingue con pulcritude a verdade do erro e a veracidade da mentira". Véxase: MORÓN ARROYO, C., *Las humanidades en la era tecnológica*, Nobel, Oviedo, 1998, pp.140-141.

[3] Para coñecer o sentido da vida só hai dúas opcións de viaxe: o de descubrimento e o planificado. Como di o prof. Lamo de Espinosa: "Cando falamos do coñecemento social temos que distinguir sempre entre dous coñecementos igualmente valiosos. Dunha parte o coñecemento das persoas ordinarias ou o que chamamos actor social (...) doutra o coñecemento do sociólogo, que é formalmente observador pero que é tamén observado". Véxase: LAMO DE ESPINOSA, E., *Sociedades de cultura, sociedades de ciencia*, Nobel, Oviedo, 1996, p.60.

[4] "A cotidianedade mátanos lentamente e o mundo é un calvario para os que enfrontan esta desolación terrible". Estas verbas de Álvaro Zuleta, correspondentes ó capítulo adicado ó coñecemento, teñen como obxectivo expresar como a ilusión e a súa perda poden levar a unha loita do eu contra a anguria ou o que é o mesmo, a existencia fronte ó vacío. Véxase: ZULETA, A., *Textos para no morir*, Auryn, Madrid, 2000, p.54.

[5] Di Goethe que: "Ninguén fai á Natureza unha pregunta que non poida responder; porque na pregunta está a resposta, a sensación de que sobre tal puntose pode pensar, intuír algo", Véxase: NADYLER, J. (ed), *Goethe y la ciencia*, Siruela, Madrid, 2002, p.63.

[6] Sempre me pareceu moi curioso o relato: "Un dios y varios dioses" de G.K. Gibrán, porque é aplicable á relación existente entre os intelectuais e o pobo. Véxase: GIBRÁN, G.K., *El Vagabundo*, Alba, Madrid, p.75.

A 'Protestaçión' de Pedro Padrón no ano 1432

por Fernando Dopico Blanco


A Dolores González López, con todo o meu agradecemento polas súas moitas aportacións e axudas.

A comezos do século XIII rexístranse os primeiros alcaldes[1] da vila de Ferrol. Para esa época sabemos que a vila era xa de reguengo e que contaba co seu propio concello e oficiais dependentes da autoridade real. No transcurso desa centuria e na seguinte, Ferrol foi acadando dos sucesivos monarcas privilexos e confirmacións[2] tocantes aos dereitos inherentes do seu estatus como xurisdición real. Pero, esta situación mudou radicalmente despois da contenda dinástica entre o Rei Pedro I e o seu medio irmán Henrique de Trastámara –logo Rei Henrique II– (aa. 1366-69). Para aquel entón, as puxantes vilas e cidades marítimas –xa en reguengo, xa suxeitas ás mitras episcopais– levaban anos sendo un bocado suculento polo que suspiraba a inqueda e voraz nobreza laica. Unha vez vencedor, o Trastámara 'pagou' con múltiples mercedes o afecto á súa causa dun gran número de cabaleiros e escudeiros entre os que figuraba, precisamente, o teimudo e astuto Fernán Pérez de Andrade *o Bo*, quen ergueu en boa medida a *nobilitas* e a facenda da súa casa a través das espléndidas doazóns coas que o obsequiou o triunfante Henrique II. Entre outras, no ano 1371, co señorío da vila e alfoz de Ferrol, que perdía así o seu reguengo secular e pasaba a formar parte do puxante *neo-feudo andradino*.


Tras unha aparente tranquilidade[3] na etapa de Fernán Pérez, os ferroláns comenzaron a amosar o seu desacougo. Finado *o Bo* en 1397, sucedeu o seu sobriño Pedro Fernández de Andrade, que estivo poucos anos ao frente da casa. Cara ao 1405 aparece xa en escena Nuño Freire de Andrade *o Mao*[4], fillo do citado Pedro Fernández, quen tivo que facer fronte á sorpresiva sublevación do ano 1431 dentro dos seus dominios[5] e noutras comarcas cercanas; revolta capitaneada polo fidalgo Roi Xordo das Mariñas[6]. No mesmo ano 1431 finou Nuño Freire. O seu fillo maior e herdeiro, Pedro Fernández de Andrade, o seguiu moi de cerca xa que pasou a mellor vida catro anos despois, en 1435. A Pedro Fernández sucedeuno a súa filla dona María, pero por ser menor de idade estivo baixo a titela do seu tío Fernán Pérez de Andrade *o Mozo* († a. 1470), fillo segundón de Nuño Freire que se faría finalmente co dominio da casa e por quen habería de seguir a descendencia da liñaxe[7] nos *Estados e Casa de Andrade*.

O século XV foi prolixo en conflitos sociais entre os diferentes estamentos que configuraban os reinos cristiáns da Península; conflitos aos que non foron alleos tampouco os estragos demográficos causados polas pestes e a fame, anos de carestía e de desastres climáticos. No que toca ao Reino de Galicia, as *Revoltas Irmandiñas* dos anos 1431 e 1467 foron as máis sonadas, aínda que non as únicas. A primeira tivo como escenario principal os dominios dos Andrade nas comarcas de Ferrol, Eume e As Mariñas. A segunda, máis xeralizada e con maior repercusión, alcanzou a todos os ámbitos da xeografía e da sociedade estamental galega.

Nese marco de conflitividade e claro enfrontamento contra o abuso feudal organizado principalmente dende vilas e cidades –coa anuencia e aínda co disimulado apoio da monarquía a través



Mosteiro de Monfero: Nuño Freire de Andrade o Mao († a. 1431)



Ateneo Ferrolán



Mosteiro de Monfero:
Pedro Fernández de Andrade († a. 1435)

de cartas reais para a formación de irmandades–, dáse o 18 de xaneiro de 1432 a *'Protestaçión'* do procurador ferrolán Pedro Padrón ante as portas do pazo zamorano onde paraba o Rei Xoán II[8]. Alí formalízase un protocolo notarial que recollía a denuncia –*'Protestaçión'*– efectuada en nome dos veciños do concello e alfoz de Ferrol contra o mesmísimo Rei.

Este documento, tratado pola historiografía moderna como *'Protesta'* –que hai que entender no seu significado orixinario de reclamación ou denuncia e non de mera mostra de disconformidade–, toca varios puntos entrelazados entre si que pasamos a relacionar:

· Recolle a noticia da demora, intencionada, por parte do Rei en recibir á legación ferrolá.

· Dá noticia de querelas e demandas de xustiza perante o Rei, que tiveran lugar con anterioridade, polos danos e malfeitorías que recibira a veciñanza ferrolán por parte dos Andrade –Nuño Freire e o seu fillo Pedro Fernández– e dos seus homes de armas. Aínda que sexa unha opinión arriscada, coido que se poden entrever indicios de que entre estas reclamacións ferrolás tal vez estaría a suspensión, ao menos temporal, do señorío dos Andrade sobre Ferrol. Se é que isto non era un feito[9] xa naquel intre.

· Denuncia a actitude e dobre xogo do Rei por canto este –sen haber xulgado as demandas que tiñan feito os ferroláns contra os Andrade– pretendía facerlle mercede do señorío da vila a Pedro Fernández de Andrade, fillo do entón recén finado Nuño Freire *o Mao*. Pedindo unha moratoria nesta decisión até que se examinasen as reclamacións ferrolás e, polo tanto, a consideración de Ferrol como reguengo no intervalo.

· Dá noticia do antigo reguengo no que estaba Ferrol por mor dos privilexos e confirmacións outorgados polos *"Reyes anteçesores de nuestro sennor el Rey, los quales por su Alteza nos fueron e son confirmados e otorgados, e por su Sennoría fecho juramiento por su fe rayal delos guardar e mantener segúnd que en-ellos se contyén"*. Aquí temos unha clara referencia ao Privilexo de confirmación outorgado por Xoán II no ano 1429.

· Desautoriza o valor da mercede real no caso de que lle fora outorgado o señorío ao Andrade, acolléndose ás exposicións e avaliacións anteriores. Este feito suporía unha perigosa desobediencia ao Rei. Pero, precisamente, os privilexos anteriores habilitaban ao concello de Ferrol na posibilidade de facer este movemento e situaban ao Monarca no plano da ilegalidade, xa que este non estaba cumprir co estipulado nos privilexos e na súa propia confirmación de reguengo de 1429. Por tanto, con isto quedaría máis que xustificada e lexitimada a rebelión do ano 1431 e calquear outra que poidese suceder con posterioridade.

Ao ferrolán Montero Aróstegui debémoslle a primeira cita desta *'Protestaçión'*, dá que realiza unha transcrición completa na *Historia y descripción ... del Ferrol*[10]; se ben non aclara a súa procedencia ou localización e di traballar cunha copia do que cualifica como *"curioso documento"*. Poucos anos despois, o tamén ferrolán Benito Vicetto na súa *Historia de Galicia* realiza unha transcrición parcial, acompañada de varios comentarios ao texto[11]. Vicetto cita a este manuscrito como legaxo número 1 dentro do *Arquivo Municipal de Ferrol*[12]. Sen embargo, o texto orixinal non se conserva en Ferrol, nin tampouco copia ou traslado, pero si no *Archivo General de Simancas* –Valladolid–; o que garantiza a conservación da memoria deste feito singular para a historia de Ferrol e de Galicia. A transcrición de Montero Aróstegui –sospeitosamente idéntica a unha con letra decimonónica que se atopa adxunta ao pergameo do AGS– foi a que seguiron ou reproduciron todos os investigadores e historiadores que se ocuparon do tema. Mais porén, a estas alturas, coido que é necesario achegar este texto con criterios de transcrición[13] actuais, de xeito que os lectores e investigadores o poidan apreciar máis cercano ao seu verdadeiro sabor orixinal.

Por último quedaría tratar sobre o valente procurador ferrolán Pedro Padrón, pero lamentabelmente nada podemos aportar á súa figura xa que, salvo esta fugaz aparición documental, non temos ningún outro rastro que nos permita falar verbo del.




Mosteiro de Monfero: Fernán Pérez de Andrade o Mozo († a. 1470)

Zamora: 1432, xaneiro, 18.


ACTA NOTARIAL ANTE AS PORTAS DO PAZO *"ADONDE POSAVA NUESTRO SENNOR EL REY"* QUE CONTÉN A *'PROTESTAÇIÓN'* EFECTUADA POR PEDRO PADRÓN, VECIÑO E PROCURADOR DA VILA E CONCELLO DE FERROL, POR CANTO O REI XOÁN II NON O RECIBÍA PARA XULGAR SOBRE AS QUERELAS CONTRA OS DANOS E MALFEITORÍAS EXECUTADAS POR NUÑO FREIRE DE ANDRADE E O SEU FILLO PEDRO FERNÁNDEZ *"E DE SUS ESCUDEROS E OMES POR SU MANDADO"*, E PRETENDÍA CONTRA DEREITO FACERLLE MERCEDE DO SEÑORÍO DE FERROL AO DITO PEDRO FERNÁNDEZ DE ANDRADE, NO CAL NON CONSENTÍAN OS VECIÑOS DE FERROL AMPARÁNDOSE NOS PRIVILEXOS REAIS QUE POSUÍAN DE ANTIGO.

Arhivo General de Simancas, Patronato Real, 58/25. · Soporte en pergameo. Perante Álvaro Afonso de Estoa, escribán e notario público de Zamora. (Edic. MONTERO ARÓSTEGUI, José. *Historia y descripción … del Ferrol*; Madrid, 1859. Edic. parcial VICETTO, Benito. *Historia de Galicia*; Ferrol, 1872. Transcripción: Fernando DOPICO BLANCO, 2006).



Archivo General de Simancas, PR, 58/25: Pergameo coa 'Protestaçión' de Pedro Padrón (a. 1432)

En la çibdat de Çamora ante las pue*r*tas d*e*los palaçios adonde posava n*uest*ro sen*n*or el Rey, diez e ocho días d*e*l mes de enero an*n*o del naçimi*ent*o / del n*uest*ro Sen*n*or Ihesu Xpi*st*o de mill e q*uat*roçie*n*tos e trey*n*ta e dos an*n*os. En p*re*sen*ç*ia de mi Álvaro Afon*so* ¿d-Estoa?[14], esc*rivano* del d*i*cho sen*n*or Rey e su no*tario* público / en la su corte e en todos los sus reinos e d*e*los *testigos* de yuso escr*i*tos, pareçió Pedro Padró*n* vezino d*e*la villa de Ferrol d*e*l reino de Galicia et / p*re*sent*ó* e fizo lee*r* por mi el d*i*cho not*ario* un escr*i*pto de *testigos* e p*ro*testaçió*n* fecho en*n*esta gisa: Not*ario* p*re*sen*te*. Daredes testimonio a mi Pedro Padró*n*, p*ro*curador d*e*l / con*ç*ejo dela villa de Ferrol, desta p*ro*testaçió*n* q*ue* por ant*e* vos fago aq*uí* ant*e* las puer*t*as del palaçio de n*uest*ro sen*n*or el Rey[15] por q*ua*nto no*n* puedo ave*r* su presen*ç*ia. / E digo q*ue* por q*ua*nto yo, en no*n*bre d*e*l d*i*cho con*ç*ejo, he dado çie*r*tas q*u*erellas por çiertas peticiones que ant*e* el d*i*cho sen*n*or Rey p*re*senté en *e*l su muy alto / Consejo, q*u*erellá*n*dome en *e*l d*i*cho no*n*bre d*e*los muchos males e dan*n*os, cohechos de pechami*ent*os e arraçionami*ent*os e mue*r*t*e*s de o*n*bres e p*e*rson*a*s e despobla- / -mye*n*tos d*e*la d*i*cha villa q*ue* de Nun*n*o Freyle d-Andrade[16] e de su fijo P*e*d*r*o Ferr*ánde*s[17] e de sus escude*r*os e om*e*s por su ma*n*dado reçibimos e avemos reçibido / fasta aq*uí*. Et agora, ant*e*s d*e*los vezi*n*os d*e*la d*i*cha villa seyere*n* proveydos de remedio de justiçia çe*r*ca los suso d*i*chos mal*e*s e robos e dan*n*os et especham*ient*os[18] e p*r*isio*n*es de onbres e muger*e*s e fue*r*ças e desagisados q*ue* l*e*s asi fuero*n* fechos segú*n*d d*i*cho es, fisiéro*n*me entender q*u*-*e*l d*i*cho sen*n*or / Rey, no*n* acata*n*do a-lo suso d*i*cho, a fecho o q*u*iere fase*r* mer*ç*ed al d*i*cho



Pedro Ferrándes dela dicha villa e su tierra dándole el senorío della. Por ende, / que yo en el dicho nonbre protesto que caso que al dicho Pedro Ferrándes sea fecho merçed del sennorío dela dicha villa e su tierra antes qu-el dicho conçejo e besinos d-el sean / proveydos de remedio de justiçia çerca los suso dichos males, robos e dannos e muertes e prisiones e cohechos e arranconamientos[19], nin sieren punydos, nin / nos aber dello nin de parte dello alcançado conplimiento de justyçia, que al dicho conçejo e besinos e moradores d-el non corra tienpo al su derecho çerca los / suso dichos males et robos e dannos por non poder al presente alcançar conplimiento de derecho, et que al dicho conçejo quede e esté e sea sano, et / eso mesmo a-los vesinos d-el, su derecho para lo segyr e acusar e demandar sienpre e en todo tiempo, onde e quando e como e ante quien devieren. Otrosy, por quanto / la dicha villa de Ferrol perteneçe a-la corona rayal de nuestro sennor el Rey segúnd los privillejos que en-nesta rasón tenemos e que sobre ello nos fueron dados por / los Reyes anteçesores de nuestro sennor el Rey, los quales por su Alteza nos fueron e son confirmados e otorgados, e por su Sennoría fecho juramiento por su fe rayal delos / guardar e mantener segund que en-ellos se contyén. Et agora es venido nuevamente a notyçia de mi el dicho Pedro Padrón, procurador del dicho conçejo, que su alta Sennoría / quiere faser merçed dela dicha villa al dicho Pedro Ferrándes de Andrade contra todo lo suso dicho e non catando a ello, quebrantando los dichos privillejos e usos et / costunbres a que fuemos e somos poblados. Por ende, que yo, en-el dicho nonbre, non consiento en ninguna nin alguna graçia e merçed que dela dicha villa e su tierra sea fecha / al dicho Pedro Ferrándes, et protesto que si le es o fuere fecha que sea en sy ninguna e de ningún valor et de cómo lo digo. Pídolo por testimonio sinado para / garda del dicho del dicho *(repetido)* conçejo dela dicha villa e vesinos della e de su tierra e alfozes e mia en su nonbre. Testigos que a esto fueron presentes: Juan Sánches / de Vallid[20] e Juan delos Santos, pescador, vesinos dela villa dela Crunna[21], et Pedro Lópes, vesino dela villa dela Pontedeume, e otros. Et yo el dicho / Álvaro Alfonso, escrivano e notario públyco sobre dicho, porque fuy presente a todo lo que dicho es escriví esta carta e fize en-ella este mio sig- *(signum)* -no / que tal es ///.



Archivo General de Simancas, PR, 58/25: Reverso do pergameo coa 'Protestaçión' de Pedro Padrón (a. 1432)

[Reverso do pergameo].

1432 años. / Protestaçión que hiso el procurador dela / villa de Ferrol que non consentía en la merçed / que el Rey fisese dela dicha villa ny / de cosa della a Pedro Fernándes de Andrada. / Hízose ante las puertas del Rey en / Çamora, a xviii de enero Mccccxxx / ii ///.

NOTAS

[1] Documentación en LOSCERTALES DE G. DE VALDEAVELLANO, Pilar. *Tumbos del Monasterio de Sobrado de los Monjes*; Ministerio de Cultura, Madrid, 1976.

[2] Referencias e transcricións dos privilexos e confirmacións en MONTERO ARÓSTEGUI, José. *Historia y descripción … del Ferrol*; Madrid, 1859.

[3] Se cadra só foi unha tranquilidade aparente, xa que non temos documentación que bote luz sobre a reacción da veciñanza ferrolá ante a inesperada *mercede henriqueña* ao Andrade. Cabe dentro do posible que houbese xa daquela reclamacións en contra da doazón real.

[4] Alcumado *o Mao* pola historiografía posterior.

[5] Noticias sobre a revolta de 1431 na "Crónica de … Juan II"; *Crónica de los Reyes de Castilla* (vol. II), Biblioteca de Autores Españoles (t. LXVIII), Madrid, 1953.

[6] Con moitas precaucións e incógnitas non resoltas, cabe a hipótese de considerar a este capitán irmandiño como o mesmo persoeiro que outorgou testamento na cidade de A Coruña o 24/12/1457. Non obstante, este testamento non aporta probas definitivas. A este respecto ver URIARTE BASADRE, Florentino. "O testamento de Roi Xordo das Mariñas. Copia de 1503 sobre un orixinal de 1457"; en *Grial* nº. 74, 1981, pp. 514-520. Ademais semella que este Roi Xordo das Mariñas, rexedor da Coruña, é o mesmo que finou violentamente no mes de xuño de 1458 a mans de Fernán Pérez de Andrade *o Mozo* e dos seus homes, segundo testemuña o seu tío Gómez Pérez das Mariñas. Ver PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, Eduardo. *Los Señores de Galicia* (Tomo II); Col. 'Galicia Histórica', Fundación P. Barrié de La Maza, A Coruña, 2000. Ibi, doc. 140, pp. 121-123.

[7] Para o coñecemento da liñaxe dos Andrade e do seu comportamento resultan imprescindibles os traballos de GARCÍA ORO, José. *Don Fernando de Andrade, Conde de Villalba (1477-1540)*; Xunta de Galicia, 1994. DE CASTRO ÁLVAREZ, Carlos & LÓPEZ SANGIL, José Luis. "La genealogía de los Andrade"; en *Cátedra* nº. 7, Pontedeume, 2000. DE CASTRO ÁLVAREZ, Carlos. "Sobre el eslabón perdido y los parientes cercanos de Fernán Pérez Andrade o Boo"; en *Cátedra* nº. 9, Pontedeume, 2002.

[8] Xoán II, rei entre 1406-1454.

[9] Para este argumento non debemos esquencer os feitos da anterior Revolta Irmandiña e da inmediata morte de Nuño Freire, cun vacío de poder ao menos temporal.

[10] MONTERO ARÓSTEGUI, José. *Historia …*; ob. cit. Ibi, Sección 2ª, pp. 294-296.

[11] VICETTO, Benito. *Historia de Galicia*; Ferrol, 1872. Ibi, Tomo VI, XIII, pp. 35-40.

[12] Sen embargo, no relatorio de fondos arquivísticos de Ferrol que realizou Montero Aróstegui no ano 1850 non aparece rexistro deste documento, nin coincide tampouco a sinatura empregada por Vicetto. A este respecto ver GARCÍA LÓPEZ, Mª. Xesús. "Instrumentos de descripción do Arquivo Municipal de Ferrol: O inventario de Montero Aróstegui (1850)"; en *Estudios Mindonienses* nº. 19, 2003.

[13] Cómpre sinalar que existe cita recente deste documento coa súa localización e sinatura no arquivo de Simancas no traballo de VÁZQUEZ LÓPEZ, María Jesús. *Ferrol e a comarca ferrolá na Idade Media. Do século X ao XVI*; Concello de Ferrol, 2001; Ibi, doc. XXI, p. 61. Pero, lamentabelmente, esta profesora ofrece unha versión do texto moi extraña, castrada e deturpada, xa que non é nin unha transcrición nin unha rexesta ou escolma e induce a confusión.

[14] Teño dúbidas na lectura do apelido. Podería referirse tanto ao patronímico da liñaxe dos Estoa, de orixe galega, como a liñaxe vascongada dos Estúa. Por outra parte, cómpre aclarar que tanto na transcrición do AGS como na de Montero e na de Vicetto despachan o asunto ignorando o apelido e anotando que non se lé, o cal non é certo. Outra cousa é a lectura e interpretación que se poida facer.

[15] Xoán II.

[16] Sic: Nuño Freire de Andrade.

[17] Sic: Pedro Fernández. Trátase de Pedro Fernández de Andrade.


[18] Sic: *despechamientos*.

[19] A sílaba final: *-tos*; desenvolvida en letra moi miúda enriba da *-am-*.

[20] Curiosamente este mesmo apelido, Vallid/Ballid, aparece asociado á cidade da Coruña vintecinco anos despois -a. 1457- no xa citado testamento de Roi Xordo das Mariñas, quen deixa como un dos seus cumpridores a *"Diego Sanchez de Ballid, mercader"*. Ver URIARTE BASADRE, ob. cit.

[21] Sic: A Coruña. Resulta de interese reparar que neste texto a poboación herculina cítase como vila e non como cidade, título que xa se lle adxudicaba noutros documentos da época.





Saúde Mental

Isabel Lodeiro Vales

Para a miña nai

«Moitas das patoloxías máis graves das enfermidades mentais preséntanse ó comezo da idade adulta coma é o caso da esquizofrenia».

Con motivo do **Día Mundial da Saúde Mental** que se celebra cada ano o **dez de outubro** convén salientar algúns datos que cito a continuación, para ver o alcance de semellante problema:

- Unha de cada catro consultas en centros de saúde son debidas a problemas de saúde mental
- Un 9% da pobación en xeral ten algunha discapacidade, deles o 19% presenta algunha enfermidade mental.
- Só a esquizofrenia afecta ó 1% da poboación se ben esta cifra pode ser maior chegando ata o 3-4%.
- O 25% das persoas que viven na rúa presentan algunha patoloxía mental.
- Das persoas con algunha enfermidade mental tan só o 2% acada estudos universitarios, contrapoñéndose ó 50% da poboación xeral.
- Moitas das patoloxías máis graves das enfermidades mentais preséntanse ó comezo da idade adulta coma é o caso da esquizofrenia entre outras.

Á luz destes datos destácase que a Saúde Mental representa (ou debería de representar) un grave problema para as diferentes Administracións Públicas que deben facerse de maior eco deste problema tendo en conta ademais que os profesionais que traballan a prol da Saúde Mental son moi escasos pois diversos estudos destacan que para que esta estea ben atendidada debe de contar con un psiquiatra por cada 20.000 persoas, cando hai un por cada 47.000; un psicólogo por cada 25.000 persoas, cando hai un por cada 83.000 persoas; unha enfermeira por cada 23.000 persoas, cando hai unha por cada 104.000 persoas; un traballador social por cada 100.000 e hai un por cada 300.000 persoas[1].

Dito todo isto convén facer unha serie de lecturas ou puntos básicos que deben ter en conta as diferentes Administracións e nós coma cidadáns:

1- Nos anos oitenta tivo lugar a reforma Psiquiátrica que levou adiante a desinstitucionalización das persoas con enfermidades mentais, trasladándoas así dos hospitais psiquiátricos ás súas casas; este feito é moi loable en si mesmo en canto contribuíu á dignificación destas persoas pero o que en ningún momento se pode apoiar é que a devandita Reforma Psiquiátrica non crease estructuras intermedias coma prometeu, coma os hospitais de día, hospitais de noite, centros ocupacionais, etc.

Máis ben a min me parece que o que se fixo foi unha familiarización consistente en deixar o problema en mans das familias, sen contar apenas con axuda e sabendo o enorme desgaste emocional que supón vivir cunha persoa con algunha patoloxía mental grave. Unha vez máis obsérvase que entenden os políticos polo benestar se é que este existe![2].

2- Hai que ter en conta que un gran número de doenzas mentais comezan arredor dos vinte anos, e estas persoas seguen sen contar cunha auténtica rede social que teña en contaa todas as súas necesidades; convén canto antes que haxa maior coordinación entre os servizos médicos, psicolóxicos, de servizos sociais e laborais se queremos facer unha auténtica integración social e dignificar toda a vida que lles queda por diante a estas persoas de cara a que poidan participar plenamente da vida económica, social, laboral e cultural.

3- Non debemos esquecernos da realidade económica que viven moitas das persoas con doenzas mentais, pois unha gran parte deles cobra unha Pensión non Contributiva, que ronda os trescentos euros, isto é importante destacalo agora que tanto se fala dos mileuristas ou mesmo dos seiscenteuristas, pois ben, resulta que tamén existen os trescenteuristas e quizabes deberiamos pensar por un momento cómo viven, qué calidade de vida teñen.

4- Como punto último a destacar quero falar do gran estigma que pesa sobre este colectivo que se ve potenciado polos medios de comunicación que nos ofrecen unha imaxe deles "de que son violentos", por exemplo cando lanzan titulares como

o de: «Un esquizofrénico matou a ...», estes feitos son moi graves porque non se pode reducir a todo un colectivo a criminais, máximo cando está demosstrado con datos obxectivos e cientificamente rigorosos que non son máis violentos que a poboación xeral e que en todo caso teñen maiores posibilidades de que sexan agredidos como se cita no artigo de «El defensor del Lector», El País, domingo 16 de octubre, de 2.005.

Tamén de titulares así convén salientar que non se debe reducir a persoas con doenza mental a un adxectivo coma esquizofrénico, senón que deberiamos de dicir unha persoa con esquizofrenia, ó igual que non dicimos diabético ou canceroso, etc.[3].

Coma punto final deste breve artigo quero resaltar o labor de diferentes organizacións como son a xa citada na bibliografía Confederación Española de Agrupaciones de Familiares y Enfermos Mentales (FEAFES) que conta asimesmo con algunhas asociacións en Galicia.

Tamén o programa de radio «Radio Nikosia» que se emite en Barcelona dentro da programación da radio Contrabanda. Este programa está apoiado pola Associació JOIA de Barcelona´, que é unha organización pioneira no terreo da saúde mental con máis de vinte anos de traballo no campo. Nesta mesma liña convén salientar tamén o libro «Libro de Radio Nikosia. Voces que hablan desde la locura», editado por Gedisa no ano 2005.

Continuando, cómpre mencionar a Fundación Anade que ten por obxectivo a inserción laboral e social das persoas con discapacidade ou enfermidade mental, a través da creación de grupos de teatro.

Finalmente quero destacar a Fundación INTRAS que traballa moi a prol deste colectivo facendo, entre outras cousas, a obtención de postos de traballo de teledocumentación para este colectivo.

Esperemos que destas e doutras iniciativas que existen ou existirán vaian cambiando as cousas para a tan denostada Saúde Mental.

Notas

[1] Véxase «XI Jornadas Feafes. Sí a la atención, no a la exclusión» en www.feafes.com

[2] Véxase NAVARRO, Vicent:»Bienestar insuficiente, democracia incompleta. Sobre lo que no se habla en nuestro país», Madrid: Anagrama, 2002.

[3] Véxase «Salud mental y medios de comunicación. Guía de estilo» e «Salud Mental y medios de comunicación. Manual para entidades» en www.feafes.com

APUNTAMENTOS PARA UNHA HISTORIA DO FEMINISMO GALEGO

ENTREVISTA A NANINA SANTOS

Por Isabel Lodeiro Vales

Esta entrevista a **Nanina Santos** nace a raíz da conferencia que impartiu o pasado once de marzo na Fundación Eugenio Granell con motivo dos actos que organizou o Concello de Santiago de Compostela polo Día Internacional da Muller.

Apuntar que **Nanina Santos** foi cofundadora da *Asociación Galega da Muller* nos anos setenta ata a súa desaparición nos anos noventa. Así mesmo tamén foi cofundadora da revista *Andaina* nos anos 83.

Escribiu numerosos artigos sobre feminismo así coma un extenso artigo no libro «A homosexualidade a debate», Edicións Xerais de Galicia, 2002 e outro nas IV Xornadas Agrarias Galegas (1986). A muller na agricultura. «Controversias sobre a a muller galega. Trazos patriarcais do pensamento galego», Edicións do Castro, 1987.

A presente entrevista vai tomar como punto de partida a data de 1975 por ser esta unha data clave na historia recente de España e de Galicia e que Nanina viviu de primeira man. Con isto non quero obviar todo o pasado do movemento feminista que comezou aproximadamente hai cento cincuenta anos, porque non habería espazo suficiente para analizar o que significou todo isto, feito por outro lado amplamente documentado no clásico de Simone de Beauvoir «El segundo sexo». Así mesmo e polas mesmas razóns, son consciente da importancia que tiveron na Galicia mulleres tan senlleiras coma Rosalía de Castro (1837-1885), Concepción Arenal (1820-1893) ou Emilia Pardo Bazán (1851-1921).

Aclarado este tema, partimos pois do ano 1975 e imos formularlle as preguntas:

1- ¿Como se foi formando a túa conciencia feminista e, así mesmo como se foi fraguando este movemento en Galicia?

Dicir como se foi formando a miña conciencia feminista é difícil definila dun xeito concreto porque as conciencias son moi súas, fórmanse dun modo lento se ben é certo que tivo unha responsabilidade importante a familia e nese senso tiven sorte porque tiven un pai que participaba nas tarefas de crianza e coidado das criaturas e unha nai moi pagada da súa autonomía persoal, do seu tempo, e estes son exemplos que calan fondo.

Hai que ter en conta así mesmo, que estamos a falar de finais dos anos corenta e comezos dos cincuenta e dos nove irmáns, as seis mulleres todas temos estudos superiores. Mais, non houbo nada no exterior que presionase, logo fun vivindo nesa sociedade enormemente represiva onde non circulaban con facilidade as ideas nin a cultura e vou vendo o papel que xogan outras mulleres nesa sociedade e que cando no ano 1975 morre Franco dáselle forma a algo que xa se viña sentindo de antes entre as mulleres.

2- Unha data clave nesta historia máis recente do feminismo foi a celebración en Madrid das primeiras xornadas feministas, clandestinas, en 1975, ¿que foi o que fixo posible tal evento e como se trasladou esta experiencia a Galicia?

Dicir que estas xornadas foron convocadas polo Movemento Democrático de Mulleres (MDM), unha organización vencellada ó Partido Comunista que non tiña nos seus comezos unha declarada vocación feminista. Facían tarefas propias de mulleres: labores asistenciais, socorro a presos, labores de cruz vermella, e convoca estas xornadas un pouco en torno ó movemento da liberdade da muller. Esto é posible pola evolución da sociedade na que experimentan os atrancos da sociedade na que se vivía, aínda que hai que dicir que Franco acababa de morrer e entón a sociedade xa di un pouco un non. Estas xornadas son moi importantes, son un impulso para o feminismo, para o punto de partida, para Galicia, Andalucía, Cataluña, etc. Dicir así mesmo que no ano 1976 empeza a organizarse a Asociación Galega da Muller e xa hai moita vida andando, emerxendo.

> NANINA SANTOS CASTROVIEJO (A Notaria, Ourense, 1951). Licenciada en Historia en 1973 pola Universidade de Santiago de Compostela, é profesora de música no IES de Brión. Desde a súa creación en 1983, forma parte do equipo de redacción de **Andaina**, revista galega de pensamento feminista.

3- Unha das cousas que reivindicas é a memoria da historia porque semella que a xuventude de hoxe en día esquece que non sempre se gozou das liberdades de hoxe en día, ¿cal é a túa impresión coma feminista e profesora dun Instituto de Secundaria?

Creo que é moi importante a memoria para aprender, para saber, para non caer nos mesmos erros.

É importante na vida social e é importante saber que os dereitos non están para sempre, gáñanse ou pérdense, hai retrocesos, hai avances e habería que preguntarlle á xente nova, que nacen e se desenvolven nunha sociedade distinta, afortunadamente, máis libre,con maior mobilidade, habería pois que preguntarlle que percepción teñen do papel de que as mulleres participen de igual modo, que se lles dea o mesmo valor, algo que aínda non se acadou de todo nin moito menos porque se ben é certo que non hai discriminacións polas leis, a vida cotiá, a vida real transcorre doutro xeito. Por todo isto é importante que se lles entre ós nenos aí, en

que a igualdade non é tal a día de hoxe e que o feminismo traballa aí, que non son cousas das nosas nais ou das súas avoas. Finalmente dicir que hai que reivindicar a memoria e o momento presente e traballar sobre este.

4- Proseguindo, unha das campañas que se realizaron non anos oitenta foi a de «As cárregas domésticas e familiares ó 50%», ísto aínda a día de hoxe non se está a cumprir como moi ben se documenta no libro «Malabaristas de la vida», editado por Icaria, ¿a que cres que é debido e que cres que podemos facer as mulleres en particular e a sociedade en conxunto para que isto se cumpra?

Poden e deben facerse cousas, no terreo individual as mulleres deben plantarse máis, que os homes tomen outra actitude, máis activa, que as cousas son tamén deles, hai esa consigna de que a terra é para quen a traballa, pois ben a casa tamén é para quen a traballa, así que se se queren ter uns espazos na casa hai que traballalos, ó igual que as relacións de cariño hai que coidalas, se hai nenos ou maiores hai que coidalos; se che gusta que te coiden hai que coidar tamén. A nivel social as institucións teñen que volcarse máis e promover servizos sociais que alivien as cargas domésticas: comedores, garderías, fan falta máis porque en España en relación con Europa imos por detrás e en Galicia en relación con España tamén imos por detrás, porque a política social do Partido Popular durante tantos anos foi pésima.

5- Dende o ano 2000 semella que as mulleres só somos nova cando hai algún caso de violencia doméstica. ¿Que opinión che merece este exceso de información sobre un único tema relacionado coa muller?

Dicir, en primeiro termo que concentrar todo nunha soa cousa e soamente coma víctimas é un fraquísimo favor ás mulleres. A violencia de xénero é un problema moi serio pero o é tamén a vida laboral, participación na vida pública. Con este exceso de información vai pensarse que todas as mulleres padecemos violencia, o cal non é certo, así coma que todos os homes son maltratadores que tampouco é certo e mesmo tamén que todas as mulleres precisamos que a Administración e o Estado nos protexa porque non somos capaces de valernos por nos mesmas e, con todo isto non estou de acordo. É certo que a violencia é un problema grave, que hai que traballar sobre isto, que hai que buscar previla, traballala en centros escolares e en medios de comunicación, etc, pero de aí a concentralo todo nun só tema non é bo e, repito, é un fraco favor ás mulleres.

6- Proseguindo co anterior o pasado día 18 de marzo apareceu no xornal El País un artigo titulado «Un feminismo que tamén existe», asinado por varias mulleres entre elas ti tamén, ¿que reivindica este novo feminismo?

Facía falla que ese feminismo (moitas das firmantes levamos na loita feminista moitos anos) se fixese ouvir porque vemos con preocupación o cariz que toman as cousas e vemos que hai outras maneiras de pensar no feminismo e non que haxa un pensamento único que di esto senón que no feminismo hai diferentes maneiras de pensar.

Unha cousa é que as mulleres maltratadas precisen axuda pero non se pode facer a asimilación de muller maltratada e vítima como condición, é un estado pasaxeiro, non é bo vitimizar nin fomentar "vitimismo" e, en función de tal, subsidiar, porque se crean mentalidades e entón é un proceso psicolóxico e non debiamos permitir que por ser vítima de malos tratos nos concedan un piso, un traballo ou acceso preferente aos mesmos.¿ Habería, logo, que converterse en maltratada para acceder a bens necesarios como un traballo, unha vivenda...?

No borrador da Consellería de Igualdade son un colectivo preferente e isto paréceme unha barbaridade,¿ por que vai ter preferencia a un posto de traballo?, ¿por que hai que facelo así ? Se é unha persoa que está nunha situación especialmente vulnerable si (veña de onde veña esa vulnerabilidade), pero todo isto hai que definilo moito mellor. Non é boa cousa vitimizar a todas as mulleres e crear todas unhas preferencias para este colectivo. Antes as mulleres dependíamos dos pais, logo dos maridos e agora¿ queremos depender do Estado? Defendemos que as voces críticas do feminismo teñen que facerse ouvir, hai que ser valentes e dicilo.

7-Finalmente outra das cuestións que están moi presentes no día a día é o tema da representación das mulleres nos diferentes estamentos da vida pública como pode ser a política, a economía, etc, ¿como cres que se pode percorrer todo o camiño que falta para acadar unha total representatividade en todas as esferas?

As cotas son interesantes, pero por exemplo, dentro de pouco vai haber eleccións municipais, chama a atención que os sete candidatos ás cidades galegas nas candidaturas do BNG son puro home. ¿Fan falta leis? que haxa que facelo así non deixa de ser un problema pero as mentalidades están tan moldeadas na idea de que o público –e sinaladamente a política– é un "espazo barón" que non reparan nas mulleres, o mesmo que acontece nos premios literarios, etc.

As mentalidades hai que transformalas e neste proceso non son partidaria de medidas punitivas. Debo dicir, sen embargo neste aspecto que non son moi optimista (aínda que botando a vista 30, 20 ou mesmo 10 anos atrás as cousas cambiaron enormemente nesta cuestión) porque as rutinas, as inercias que observo son moi poderosas e vexo que os homes aférranse ó poder, á política e, se unha muller toma camiño se a sinala como ambiciosa para descualificala. ¿Que queren dicir con isto, que eles non o son?

E bo que as mulleres estean en política porque aportan cousas novas.

«NO SÓLO DUELEN LOS GOLPES», una exposición fotográfica sobre el maltrato contra las mujeres

Su autora: **Pamela Palenciano**

La exposición «NO SOLO DUELEN LOS GOLPES» consta de 46 fotos en blanco y negro que cuentan en 7 fases lo que le ocurre a una mujer que sufre el maltrato... inocencia, enamoramiento, maltrato psíquico, maltrato físico, respuesta de la sociedad, liberalización y normalización de su vida.

Su autora es Pamela Palenciano, Licenciada en Ciencias Audiovisuales, que actualmente colabora con el área de la mujer de Radio Vallekas de Madrid. Si estás interesada en la exposición puedes contactar con Pamela en pamkys@hotmail.com o en el teléfono 657 674 250

La exposición se presentó en la sala Moreno Villa de Málaga en el año 2004 con la colaboración de la Plataforma de lucha contra los malos tratos "Violencia Cero" de Málaga y el Área de Igualdad de Oportunidades de la Mujer.



Morriña da terra en Caracas (1963)

I

Onte vin, soña, soñando,
soñando que te soñaba,
dornas brancas no avesío
sen fondo das miñas dársenas.
Gueivotas deiquí pra alá revoando,
revoaban, abilleando entre as velas,
nos vagallóns enleiadas,
ulindo o sal e a resina,
recendo das miñas praias.
O embigo do mar poñía seos de azul marexada.
E largacías orelas polo horizonte espalladas;
paraxes da verdescente terra miña aloumiñada,
nos ronseis destes meus soños que a esa paisaxe me cravan.
Parellos barcos fuxían.
Paxaros loucos chegaban,
e a celta terra sorría
polas brumosas barandas do Atlántico, non Fisterra
das altas lendas molladas,
con ribeiras de salgueiros
toxos e millais, na espadua.
Soñei, soñando, que soño, soñando que te soñaba
meiguices celmes xurdindo na flor do engado ceibadas

II

Ai, que ese vento que chega
de tan lonxano, me doi!
Chégame de caladiño,
fíreme non corazón...
Ai, que vento ventureiro,
ai, que vento ventarrón.
Ai, que se crava no peito,
ai, que se enleia na voz,
ai, que abocada na alma,
ai, que me rolda a emoción.
Ai, que me tolle e me trinca,
ai, que me mata, o ladrón!
Vento de longas ausencias
vento, vento, ventarrón,
leitoso vento da noite,
lufada sen luazón...
Lourido vento trigueiro,
vento de treba ou trebón,
que tremeloce e me leva
coma unha tolleita flor.
Non hai trégola no vento,
no mouro vento traidor
recheo de vagalumes
na travesía ilusión.
Vagando de orela a orela,
afincándome na dor,
zoscándome nas entrañas
zugameles sen color.

III

Mareira escuma que vén,
mareira escuma que vai.
Ten dúas orelas a terra:
Unha eiquí e outra acolá.
Mareiras escumas bican eiquí,
costiñas sen sal;
bravas costas tropicais
toleiras de soidás.
Mareiras escumas teñen
costiñas tenras alá,
costiñas de toxo e frouma
ribeiriñas pra amosar
os soños loucos que andan por min a tenredumear...
Ten con ten de arelas mornas
con esas escumas van,
relanzando cobizosas
costiñas de eiquí e de alá...
Folla que en costas alleas secando non sangue vai,
túrranme ou corpo as escumas largacías deste mar.
Mareiras escumas, ledas
ondiñas que ven e van, a modiño, de calado,
tamén me levan e tran.

Non sei se foi nesta pedriña con segredos de eternidades,
ou no terribel siño dos homes apuñalando as rosas,
onde nacéu iste serrado coitelo da morriña.

Non sei de qué ríos se amamanta,
por qué comarcas se espaia,
qué corazóns ou violíns ou pombas sementa,
qué gorxa canta o canto máxico da melancolía
nas iluminadas catedrales dos boscos.

Sei somentes que sobre de mín
pesa esta herdade fonda de tristura,
da saudade espesa que trema co latexo do mundo.
E os meus brazos ábrense en cruz abranguendo os días,
o ceo leván, a paisaxe, a herbiña tenra, miuda,
o caramuxo, a formiga, a margarida do monte.

Todo me chama con torrenteiras de sangue e de sono,
nas cousas amigos, nas xentes, nas roitas, nos horizontes.

Pura Vázquez (1918-2006)

A COLUMNA DE KILAFIS

I

Sostidos dende o profundo
Finos dedos que se prolongan
en civas do escuro,
quixen pensar que sobre as súas copas
edificaban colmenas humanas de difícil ser
aunque o que hai non é sempre o que é,
senón ásperas e curvadas formas en constante elevación.
Se a terra fose o noso ceo
e se cambiaran as normas,
estaríades encadeados ao paraíso terestre.
As cicatrices son os golpes
dun latido que chama á porta,
co seu puño marcan a súa mensaxe en morse ardente.
gotas ácidas, prisa incombustible,
bancos rabuñados entre labios marcados e herba durmida.
A liña da vida se dispersa e linda con terreos afogados entre dúbidas
e secos coma o tempo agonizante.
Vivir de autómatas, pensamentos resbaladizos,
lentos coma a historia dunha escaleira incandescente.
Suor na fronte. Cova. Descanso. Despertar ao amencer.
Oro perdido.

II

Foi soamente lenda
aquela araña que texía con fios de cristal
unha nebulosa rede
que se esparcía, ordeada, tralo claro do bosque.
¿Por qué fuxiron?
Aquelas voces acuáticas que nadaban na miña mente
Coma unha nube de leite no té
coma a primeira gota de chuvia
que cae na fronte.
A tua mirada, un leve sorriso,
fanme recordar, aquelo que que fun.
Rompín o cristal e abriuse ante min
un oceano de aceiro,
a illa concéntrica dunha vella cidade.
¡qué podía agardar!, ¿continuar agardando?
o tempo era chegado,
seguir ou deterse,
era cuestión de elixir o camiño.
Desgastado-los muros
verbas de zucre e o vento nos campos de millo...
volver a casa.
Pecha-los ollos
luz sobre o prisma.
camiñar entre as agullas do reloxo,
pasos lentos, escaleiras descendentes.
A alfombra voladora e o xenio da lámpara
famne ir xunto aquela estrela.
Todavia quedan moitas moradas no oceano superior.
quizáis mais brillantes que os peixes de escamas prateadas.
Redes de gladiador, cazasoños a voapluma.

Arantxa Serantes



COMPAÑEROS, NO ES ESTO

No es esto compañeros, no es esto
por lo que murieron tantas flores,
por lo que lloramos tantos anhelos.
Quizás debamos ser valientes de nuevo
y decir no, amigos, no es esto.

No es esto compañeros, no es esto,
ni palabras de paz con barrotes
ni el comercio que se hace con nuestros derechos,
derechos que son, que no hacen ni deshacen
nuevos barrotes bajo forma de leyes.


No es esto, compañeros, no es esto;
nos dirán que hace falta esperar.
Y esperamos, bien es cierto que esperamos.
Es la espera de los que no nos detendremos
hasta que no sea preciso decir, no es esto.

Lluis Llach



J.J. Presedo

DANIEL BELLÓN (FENE)
GAÑADOR NO 2006 DO XVI CONCURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN"



ATENEO FERROLÁN

www.ateneoferrolan.org